

# PLAN DE CONVIVENCIA



CEIP AGRO DO MUÍÑO



# ÍNDICE

<b>1.- INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>4</b>
1.1.- Características do centro .....	7
1.2.- Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro .....	7
1.3.- Relación coas familias.....	15
1.4.- Accións acometidas ata o momento .....	16
1.5.- A convivencia no currículo educativo.....	18
<b>2.- OBXECTIVOS</b> .....	<b>19</b>
2.1.- Obxectivos Xerais.....	19
2.2.- Obxectivos Específicos.....	20
<b>3.- RELACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA, O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO</b> .....	<b>20</b>
3.1.- NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO .....	21
<b>4.- MECANISMOS DE REGULACIÓN DE CONVIVENCIA ENTRE IGUAIS</b> .....	<b>23</b>
4.1.- Organización de filas e entrada ás aulas.....	23
4.2.- Normas mínimas de aula e consecuencias consensuadas.....	23
4.3.- Potenciación da Aprendizaxe Cooperativa .....	24
4.4.- Programas de Habilidades emocionais e sociais para o alumnado .....	24
4.5.- Plan de Acción Titorial .....	25
4.6.- Actividades complementarias e extraescolares grupais .....	25
4.7.- Actividades para a sensibilización fronte ao acoso e intimidación entre iguais.....	25
<b>5.- FORMACIÓN EN CONVIVENCIA</b> .....	<b>25</b>
5.1.- FORMACIÓN EN MEDIACIÓN.....	26
5.1.1.- Formación do profesorado en mediación .....	26
5.1.2.- Formación do alumnado.....	26
<b>6.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN</b> .....	<b>26</b>
6.1.- Coordinación interna no centro .....	26
6.2.- Coas familias .....	27
6.3.- Coa ANPA.....	28
6.4.- Con organismos da contorna.....	28
<b>7.- MECANISMOS DE ACTUACIÓN, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA NO CENTRO</b> .....	<b>28</b>
7.1.- Medidas preventivas para detectar e resolver conflitos .....	28
7.2.- Iniciativas para a mellora da convivencia .....	29
7.3.- Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de novo ingreso.....	30
7.4.- Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou de calquera outro tipo.....	30
<b>8.- CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓN QUE CORRESPONDEN (resolución de conflitos)</b> .....	<b>33</b>
8.1.- Conduas gravemente prexudiciais para a convivencia. (Artigo 38) .....	34

8.2.-	Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais ( Art.39) .....	35
8.3.-	Procedemento para a corrección de condutas graves contra as normas de convivencia .....	36
8.4.-	Medidas correctoras para condutas leves contrarias á convivencia (Artigo 43) .....	36
8.5.-	Medidas correctoras que toma o centro ante unha conduta leve á convivencia .....	37
8.6.-	Condutas Tipo .....	37
8.7.-	Responsables da aplicación das medidas correctoras. (Artigo 44).....	42
8.8.-	Procedemento para a corrección das condutas leves contrarias ás normas de convivencia .....	43
8.9.-	Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro (art.46) .....	43
<b>9.-</b>	<b>COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA .....</b>	<b>43</b>
<b>10.-</b>	<b>PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASOS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO .....</b>	<b>44</b>
10.1.-	PAUTAS PARA A IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR .....	46
10.2.-	CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DE ACOSO ESCOLAR .....	46
10.3.-	TIPOS DE ACOSO ESCOLAR .....	46
10.4.-	CONSECUENCIAS DO ACOSO ESCOLAR.....	47
10.5.-	PROTOCOLO DE ACTUACIÓN .....	49
10.6.-	O CIBERACOSO .....	59
<b>11.-</b>	<b>DIFUSIÓN DO PLAN .....</b>	<b>65</b>
<b>12.-</b>	<b>MECANISMOS E INDICADORES DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>65</b>
<b>13.-</b>	<b>DATOS DE INTERESE .....</b>	<b>66</b>
<b>14.-</b>	<b>ANEXOS .....</b>	<b>67</b>
<b>15.-</b>	<b>ANEXO I.- INFORME DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA .....</b>	<b>68</b>
<b>16.-</b>	<b>ANEXO II.- PARTE DE AMONESTACIÓN DE AULA.....</b>	<b>69</b>
<b>17.-</b>	<b>ANEXO III.-MEDIACIÓN.....</b>	<b>70</b>
<b>18.-</b>	<b>ANEXO VI .- SOCIOGRAMA.....</b>	<b>72</b>
<b>19.-</b>	<b>ANEXO VII.- Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso</b>	<b>77</b>

## 1.-INTRODUCCIÓN

### **MARCO LEGAL**

- ✓ Constitución Española: Artigo 27.2.
- ✓ Ley Orgánica 8/2013, de 9 de diciembre, para la mejora de la calidad educativa.
- ✓ Ley Orgánica 3/2020 del 29 de diciembre por la que se modifica la Ley Orgánica 2/2006 del 3 de mayo de Educación.
- ✓ DECRETO 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- ✓ Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da Comunidade Educativa.
- ✓ Decreto 8/2015 do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ✓ Normas de Organización e Funcionamento e convivencia.
- ✓ Proxecto Educativo.
- ✓ Plan integral de mellora da convivencia escolar en Galicia (Xunta de Galicia)
- ✓ Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso

Educación significa formar cidadáns para vivir democráticamente en liberdade, en respecto, en tolerancia, en cooperación e en igualdade nas súas diferenzas, e eso esixe dunha formación en convivencia, en sentido amplo, que determina un plan específico e consensado por todos aqueles que interveñen directamente no moldeamento social e instructivo dos individuos.

Nese senso, a propia lexislación (Ley Orgánica 3/2020 del 29 de diciembre) establece:

En canto a **principios** da educación:

k) A educación para a convivencia, o respecto, a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos, así como para a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, e en especial no do acoso escolar e ciberacoso co fin de axudar ao alumnado para recoñecer toda forma de malos tratos, abuso sexual, violencia ou discriminación e reaccionar fronte a ela.

l) O desenvolvemento da igualdade de dereitos, deberes e oportunidades, o respecto á diversidade afectivo-sexual e familiar, o fomento da igualdade efectiva de mulleres e homes a través da consideración do réxime da coeducación de nenos e nenas, a educación afectivo-sexual, adaptada ao nivel madurativo, e a prevención da violencia de xénero, así como o fomento do espírito crítico e a cidadanía activa.

En canto a **fin**s:

c) A educación no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.

En canto ao **PE (Proxecto Educativo)**:

O devandito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características da contorna social, económica, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais da contorna. O proxecto recollerá, polo menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recolleitos nesta Lei e na Lei Orgánica 8/1985, do 3 de xullo, Reguladora do Dereito á Educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade particularmente de mulleres e homes.

E nas **NOF (Normas de Organización e Funcionamento)**:

1. Os centros elaborarán un plan de convivencia que incorporarán á programación xeral anual e que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento conforme a normativa vixente, tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.

2. As normas de convivencia e conduta dos centros serán de obrigado cumprimento, e deberán concretar os deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento, tomando en consideración a súa situación e condicións persoais.

As medidas correctoras terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto dos alumnos e alumnas e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

As medidas correctoras deberán ser proporcionadas ás faltas cometidas. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro.

As decisións de adoptar medidas correctoras pola comisión de faltas leves serán inmediatamente executivas.

**3. Os membros do equipo directivo e os profesores e profesoras serán considerados autoridade pública.** Nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os feitos constatados por profesores, profesoras e membros do equipo directivo dos centros docentes terán valor probatorio e gozarán de presunción de veracidade « iuris tantum», sen prexuízo das probas que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou achegar os propios alumnos e alumnas.

4. As Administracións educativas facilitarán que os centros, no marco da súa autonomía, poidan elaborar as súas propias normas de organización e funcionamento.

5. As Administracións educativas regularán os protocolos de actuación fronte a indicios de acoso escolar, ciberacoso, acoso sexual, violencia de xénero e calquera outra manifestación de violencia, así como os requisitos e as funcións que debe desempeñar o coordinador ou coordinadora de benestar e protección, que debe designarse en todos os centros educativos independentemente da súa titularidade. As directoras, directores ou titulares de centros educativos responsabilizaranse de que a comunidade educativa estea informada dos protocolos de actuación existentes así como da execución e o seguimento das actuacións previstas nos mesmos. En todo caso deberán garantirse os dereitos das persoas afectadas

**1.1.- Características do centro**

O noso centro educativo, o CEIP Agro do Muíño conta con 24 unidades: 6 de Educación Infantil: e 18 unidades de Educación Primaria coa seguinte distribución no curso 2020-2021:

4º EI (2unid)	5º EI (2unid)	6º EI (2unid)	1º EP (3unid)	2º EP (3unid)	3º EP (3unid)	4º EP (3unid)	5º EP (3unid)	6º EP (3unid)	TOTAL
50	50	50	58	51	71	50	63	60	502

En canto ao profesorado do Ceip Agro do Muíño, temos a seguinte distribución:

- **Ed. Infantil:** 8 mestres, dos cales 2 son de apoio e o resto titores. Todos con destino definitivo
- **Ed. Primaria:** 18 dos cales 9 teñen destino definitivo no centro e 9 son provisionais.
- **Especialistas**

1 ESPECIALISTA DE MÚSICA	Definitiva no centro
2 ESPECIALISTAS DE ED. FÍSICA	Definitivas
3 ESPECIALISTAS DE INGLÉS	2 Definitivas e 1 provisional
1 RELIXIÓN EVANXÉLICA	Compartida
1 RELIXIÓN CATÓLICA	Definitiva
2 PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	1 Definitiva, 1 provisional
2 ESPECIALISTAS DE AUDIÇÃO E LINGUAXE	1 Definitiva, 1 provisional

- **Programa Arco:** 1
- **Orientadora:** 1

Ademais contamos co seguinte persoal:

- **Auxiliares técnicos:** 2
- **Administrativo:** 1
- **Auxiliar de conversa:** 1

**1.2.- Análise da situación, partindo dun diagnóstico previo da convivencia no centro**

O enfoque da convivencia no centro ten unha visión construtiva e positiva, polo que as actuacións van encamiñadas ao desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor e resolver conflitos a través da participación, dos diversos canles de comunicación e da prevención de problemas de conduta.

Ao tratarse dun centro de Infantil e Primaria a convivencia se desenvolve dun xeito aceptable. Na actualidade o clima de convivencia no centro é positivo. Non se observan serios problemas aparecendo algúns conflitos esporádicos, xeralmente por desadaptacións, que se resolven fundamentalmente co diálogo, ca mediación entre iguais e con algunha medida disciplinaria de carácter menor (amonestación verbal, por escrito, comunicación aos proxenitores, etc).

Pero si debemos facer constar que o tratarse dun centro, con algo mais de 500 alumnas/os, determina que os problemas de conflictividade xurdan, independentemente da gravidade dos mesmos. Igualmente se determina que poidan xurdir diferenzas con outros ámbitos, servizos e persoas que directa ou indirectamente manteñen relación co centro por mor do uso de instalacións e desenvolvemento de servizos (Bos días cole, comedor, tardes divertidas actividades extraescolares, etc)


O alumnado do noso centro, polo xeral **NON presenta situacións conflictivas** aínda que é bó tomar nota dalgúns comportamentos inapropiados é ir levando a cabo unha acción correctiva e, sobre todo preventiva cara as etapas posteriores.

Na enquisa realizada pola Consellería en todos os centro educativo de Galicia durante o 1º trimestre do curso 2018-19 e cuxos resultados se poden consultar na páxina da Consellería observamos os seguintes apuntamentos básicos:

- a) Sobre a opinión de se a convivencia tiña mellorado nos últimos anos había unha opinión maioritaria de que mellorou LIXEIRAMENTE

	% de resposta
1- Mellorou moitísimo	10.3
2- Empeorou lixeiramente	17.2
3- Mellorou lixeiramente	44.8
4- Empeorou de xeito alarmante	0
5- Sen resposta	27.6







- b) Os alumnos escollen como xeito prioritario para resolver o conflito a opinión e mediación do profesor (acaso porque en primaria aínda segue a ser moi salientable a figura do adulto como modelo de referencia):

**4.- Sobre a forma de resolver os conflitos de convivencia no centro ou na vosa aula. Cando hai algún problema resolvémolo...:**

	% de resposta
1- Falando entre todos/as	75.3
2- Escoitando a opinión de todos/as para cambiar as normas do centro	16.9
3- Mandando a falar co/a director/a ou xefe/a de estudos	31.2
4- Abrindo un parte	19.5
5- Impoñendo sancións (castigos)	39
6- Os profesores e as profesoras dannos consellos	51.9
7- Seguindo os consellos do/a orientador/a, do profesorado e do equipo directivo (director/a, xefe/a de estudos...)	40.3
8- Falando co/a profesor/a en privado	53.2
9- Chamando ás familias	11.7
10- Quitándolle importancia e deixándoo pasar	9.1



c) Os espazos máis conflictivos son aqueles referidos a lecer (ocio, recreo, comedor...) onde hai presenza de adulto pero non tan individualizada:




### 7.- Sobre os espazos onde hai problemas de convivencia. Nestes lugares e momentos hai problemas...

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Sen resposta
1- A través de internet, xa sexa no móbil ou no ordenador	76.6	13	3.9	0	6.5
2- Ao entrar ou saír da clase	50.6	32.5	7.8	2.6	6.5
3- Ao entrar ou saír do recinto do centro	48.1	32.5	6.5	2.6	10.4
4- Durante as clases	53.2	33.8	5.2	1.3	6.5
5- No comedor escolar	15.6	35.1	18.2	11.7	19.5
6- No recreo	6.5	27.3	39	23.4	3.9
7- No transporte escolar	37.7	41.6	7.8	1.3	11.7
8- Nos arredores do centro	40.3	41.6	7.8	1.3	9.1
9- Nos aseos	55.8	26	7.8	3.9	6.5

	Nunca	Poucas veces	Bastantes veces	Moitas veces	Sen resposta
10- Nos corredores	50.6	31.2	7.8	2.6	7.8
11- Nos intercambios de clase	57.1	31.2	3.9	1.3	6.5

- d) Sobre o acoso e a sensación de ter sido vítima de situacións que podían entrar nese perfil, apórtanos un dato pequeno pero que convida á reflexión:




## 8 Sobre a condición de presunta vítima.

### 8.1.- Padeciches algunha conduta negativa como faltas de respecto, agresións, etc.?

	% de resposta total	% de resposta rapaces	% de resp. rapazas
Si	14.3	21.4	10.2
Non	76.6	71.4	79.6
Sen resposta	9.1	7.1	10.2

- e) Esa percepción encaixa perfectamente cando se lles pregunta pola condición persoal de agresor:




## 9.- Sobre a condición de presunto/a agresor/a.

### 9.1.- Cometiches algunha conduta negativa como faltas de respecto, agresión, acoso, etc.?

	% de resposta total	% de resposta rapaces	% de resposta rapazas
Si	6.5	7.1	6.1
Non	85.7	85.7	85.7
Sen resposta	7.8	7.1	8.2

- f) Na actualidade, a consideración dos pais respecto ao centro e os problema de convivencia é a seguinte:




5.- Consideras que existen actualmente, no centro ao que asiste o seu fillo ou a súa filla, problemas de convivencia.

	% de resposta total	% de resposta pais	% de resposta nais
Sí	11.9	10	12.5
Non	52.4	50	53.1
De xeito puntual	33.3	40	31.3
Sen resposta	2.4	0	3.1

- g) Pero un dos datos máis salientables é a diferenza percepción que temos como pais/nais dos nosos fillas/os respecto á condición de vítima e agresor:


	% de resposta
1- O/a meu/miña fillo/a non foi nin vítima nin autor/a ou coautor/a	64.3
2- O/a meu/miña fillo/a padeceu a condición de vítima	11.9
3- O/a meu/miña fillo/a foi autor/a ou coautor/a dalgunha agresión	0
4- O/a meu/miña fillo/a foi tanto vítima como autor/a ou coautor/a dalgunha agresión	0
5- Sen resposta	23.8



Cando consideramos aos nosos fillas/os como vítimas.

**10.- Agresións que padeceu o seu fillo/a** (% con respecto a cuestión 9, resposta: 2 - O/a meu/miña fillo/a padeceu a condición de vítima).

	% de resposta
1- Roubar diñeiro ou material	0
2- Agresións físicas	20
3- Ameazar ou insultar	60
4- Obrigar a facer cousas que outro/a non quere	40
5- Poñer alcumes ou rirse doutra persoa	60
6- Non ter en conta a algún/ha compañeiro/a e excluílo/a dun grupo de amigos	60
7- Dicar mentiras ou rumores sobre alguén	40
8- Ameazar ou insultar utilizando tecnoloxías da información e a comunicación - TIC	0
9- Poñer alcumes ou ridiculizar a alguén utilizando as TIC	0
10- Dicar mentiras ou rumores sobre alguén utilizando as TIC	0
11- Agresións verbais	60
12- Producirse situacións de acoso ou ciberacoso entre o alumnado do centro	0
13- Desobedecer e non respectar ao/á profesor/a	20
14- Non cumprir as normas de convivencia no centro	20
15- Interromper, molestar e non deixarlle dar a clase ao/á profesor/a	40
16- Negarse a facer as tarefas asignadas	20
17- Provocar, ridiculizar ou insultar aos/ás profesores/as	0
18- Chegar tarde á clase	20
19- Consumo de drogas (alcohol, tabacoç)	0
20- Entrar e saír da clase sen permiso	0
21- Mostrar situacións de abandono en hábitos de hixiene	0
22- Producirse absentismo escolar	0
23- Observar actos vandálicos con danos no centro	20




Ningunha familia considera que o seu fillo/a cometera algunha agresión pero si que afirma unha porcentaxe que está preto do 30% que a súa filla/o foi vítima de agresión. Loxicamente, en calquera análise sinxela, hai un grave contradición que tamén indica unha serie reflexión.

- h) Por último, cómpre destacar que preto do 90% está moi satisfeito co centro o que indica que o traballo neste senso estase a realizar tamén axeitadamente aínda que existen cousas que mellorar:

#### 16.- Estou satisfeito co centro ao que asiste o meu fillo/a

	% de resposta total	% de resposta por parte dos pais	% de resposta por parte das nais
Si	88.1	80	90.6
Non	4.8	0	6.3
Sen resposta	7.1	20	3.1



Entre **as causas** polas que se producen problemas de convivencia podemos indicar as seguintes:

- ❖ No alumnado podemos atopar falta de motivación e responsabilidade, dificultades de aprendizaxe, impulsividade, falta de disciplina e pouca reflexión, falta de ferramentas para resolver os conflitos axeitadamente, influencia negativa das novas tecnoloxías (por un uso inadecuado), non recoñecer a autoridade do adulto e mestre/a.

- ❖ Nalgunhas familias atopámonos cunha excesiva delegación da educación do fillo/a no Colexio u desautorización do mestre/a e xustificación de condutas do alumno. En ocasións, sinálase que é necesario un cambio de actitude; por exemplo, na dosificación da TV, ordenador, videoxogos, na insistencia dos valores (respecto, solidariedade, compañeirismo...), límites e normas claras...

### ***Resposta do Centro ante estas situacións***

A resposta educativa do Centro é promover a actitude de participación dos distintos sectores da comunidade educativa a través dos mecanismos que ofrecen as NOF do Centro e a normativa vixente.

Así, sempre se procurará seguir canles de diálogo, respecto e comunicación para solucionar calquera conflito e ademais, procurárase potenciar a mellora da convivencia a través da adquisición de habilidades de enfrontamento aos conflitos.

O Centro da resposta a esta problemática dende diferentes ángulos que implican distintas accións:

As pautas a seguir do Centro para a detección, análise e tratamento destas situacións son:

- En 1ª instancia o titor/a de cada aula.
- O Programa de Acción Titorial de cada Etapa.
- Propor mediación entre iguais.
- Xefatura de Estudos.
- Dirección do Centro.
- O Departamento de Orientación
- A aplicación das Normas de Organización e de Convivencia do Centro.
- A relación frecuente coas familias do alumnado
- A coordinación cos órganos educativos pertinentes da Consellería de Educación, servizos sociais do Concello ou outras institucións, EOE...
- Posta en práctica con seguimento trimestral do Plan de Igualdade aprobado o anterior curso 2019/20.

### ***1.3.- Relación coas familias***

Os pais e nais son os primeiros responsables da educación dos seus fillos e deben participar e

intervir axeitadamente no proceso educativo.

O Centro ofrécelles información, asesoramento e formación a través dos medios máis aptos para iso. A relación que mantén habitualmente o Centro coas familias do alumnado é boa, habitual e fluída e artículase a través de:

- Reunións xerais coas familias de cada nivel educativo, nas que reciben informacións puntuais acerca da marcha académica, titorial e extraescolar dos seus fillos/as.
- Entrevistas persoais cos/as titores/as nas que poden recibir ou intercambiar opinións e suxestións acerca dos procesos educativos do Colexio.
- Entrevistas persoais co profesorado, para poder recibir informacións e orientacións prácticas acerca dunha determinada área/materia.
- Entrevistas co Departamento de Orientación, para promover e guiar a intervención educativa, a eliminación de condicionantes negativos do ambiente familiar e o seguimento daquelas familias que o precisen para a aplicación dos programas puntuais que leven a cabo.
- Os servizos do Centro en dirección, secretaría, xefatura de estudos, conserxería, limpeza e outras dependencias do Centro.
- Abalar móbil é a aplicación de comunicación coas familias. De calquera asunto significativo que teña que ver coa conduta dun alumno, os pais teñen inmediato coñecemento, ben por escrito, por teléfono ou través da entrevista nas modalidades telefónica/telemática/presencial. A resposta das familias a este respecto é, en xeral, pronta, receptiva e de colaboración.
- Na páxina web están colgados todos os documentos relativos ao funcionamento do centro.

Existe unha Asociación de Pais/Nais de Alumnos, cuxa Xunta Directiva mantén un estreito contacto coa dirección do Centro e ambos organismos cooperan para o que mutuamente se solicitan.

#### **1.4.- Accións acometidas ata o momento**

##### ***Creación do Departamento de Orientación***

No curso 2008-2009 constitúese o Departamento de Orientación no CEIP Agro do Muíño, que ten



como centro adscrito a escola unitaria da EEI da Igrexa e EEI Guimarás. Actualmente só ten adscrito a EEI da Igrexa.

### ***Comisión de Convivencia***

A Comisión de convivencia constitúese en decembro do 2018 no seo do Consello Escolar. Neste centro está formada por: a directora, xefa de estudos, orientadora, dúas mestras, dous representantes de pais, a representante da ANPA e a representante de administración e servizos.

### ***Mediación***

Dende o curso 2019/2020 comezamos a experiencia con alumnos-axudantes (mediadores) que ata o de agora funcionou ben, pero no que a partir deste curso queremos afondar un pouco máis. Para iso algún profesorado do centro, xunto co alumnado proposto e seleccionado previamente, formouse en mediación, a través de sesións impartidas por un gabinete externo ao Centro. Unha vez rematada a formación, no actual curso, o alumnado de 5º e 6º con perfil de mediador, co apoio do profesorado, será o que faga visible dita figura, sempre por parellas e en quendas na hora de ler ou recreo.

### ***Obradoiros/charlas***

No presente curso levaranse a cabo charlas informativas, para o alumnado de 5º e 6º, sobre a igualdade de xénero, relación afectivo sexuais e conflitos sociais, impartidas por psicólogos con formación especializada e polo CIM do Concello. Normalmente o centro solicita o Plan Director con dúas charlas para 5º e 6º sobre:

- Perigos das Novas Tecnoloxías. (Pendentes de facer tamén unha específica para pais/nais).
- Acoso Escolar.

Estas actuacións están servindo de reflexión interna achega da importancia de abordar os contidos de carácter emocional, xa que, chegamos á conclusión de que un neno/a con problemas emocionais adoita ter problemas de aprendizaxe que levan a unha baixa autoestima e polo tanto, na maioría dos casos, determinan problemas de conduta. Insistimos ao profesorado para que aplique o PAT confeccionado polo Departamento de Orientación como base importante para mellorar a convivencia no centro.

**1.5.- A convivencia no currículo educativo**

Segundo o Decreto 105/2014 polo que se establece o currículo de Ed. Primaria na Comunidade Autónoma Galega, no seu artigo 3º indica claramente que os obxectivos da Educación Primaria estarán encamiñados ao logro da adquisición, por parte de todo o alumnado, das capacidades que permitan:

- a) Coñecer e apreciar valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como, o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como, actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relaciona.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e de mulleres e a non-discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega, a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura en ambas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lle permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como, ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
  - i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
  - j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Poder apreciar claramente que o currículo incide dunha forma clara en aspectos que teñen que ver coa convivencia, as diferenzas entre as persoas e o respecto interpersonal, pero xeralmente se atenden máis nas aulas aos obxectivos que teñen máis que ver con coñecementos conceptuais, máis alá dos instrumentais básicos.

É por isto que, dadas as características do noso centro, cremos necesario potenciar o cumprimento destes obxectivos dunha forma prioritaria.

## 2.- OBXECTIVOS

### 2.1.- *Obxectivos Xerais*

- Efectuar un diagnóstico preciso da realidade escolar no terreo da convivencia e expoñer propostas de actuación.
- Mellorar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa, implicándoos en actividades encamiñadas a facilitar a convivencia no Centro.
- Previr os conflitos dentro e entre os distintos sectores da comunidade educativa.
- Fomentar a implicación das familias, tanto na transmisión de valores aos seus fillos que favorezan a convivencia na familia, no Centro e na colaboración cos profesores na tarefa educativa.

- Fomentar hábitos de traballo, estimular a creatividade e potenciar o desenvolvemento persoal e o espírito crítico.
- Fomentar un lecer activo e uns hábitos de conduta que contribúan a unha vida saudable.
- Desenvolver as capacidades de toma de decisións responsables, e aprender a dicir NON fronte a influencias ou presións negativas.
- Educar no saber escoitar aos outros e na aceptación das opinións dos demais.
- Crear un ambiente de traballo en equipo, potenciando actividades en grupo que logren nos nosos alumnos un clima de alegre convivencia.
- Potenciar a comunicación do Centro cos pais, a fin de que se impliquen plenamente na educación dos seus fillos.
- Mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas do Centro.
- Conseguir a integración efectiva de todo o alumnado.
- Previr o absentismo escolar e mellorar a puntualidade.

#### **2.2.- Obxectivos Específicos:**

Os obxectivos que nos propoñemos con este plan de convivencia son os seguintes:

- 1º.- Potenciar a figura do MEDIADOR entre iguais na hora de ler e no recreo para que o alumnado exprese as situacións acontecidas durante ou mesmo.
- 2º.- Mellorar a convivencia a través do proxecto educativo e do PAT do centro engadindo e modificando elementos dos mesmos.
- 3º.- Potenciar a formación do profesorado en convivencia, educación emocional e tratamento dos conflitos.
- 4º.- Fomentar a implicación das familias.
- 5º.-Potenciar as relacións cordiais entre os membros da comunidade educativa.
- 6º.-Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razóns de raza, sexo, idade, ...
- 7º.-Aproveitar as diversas situacións que se producen ao longo do curso escolar para que o centro sexa un un espazo de paz, respecto, diálogo e aberto ao entorno.

### **3.-RELACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA, O PLAN DE ACCIÓN TITORIAL E NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO**

A relación entre o Plan de Convivencia, o Plan de Acción Titorial e as Normas de Organización e

Funcionamento do Centro, é moi estreita.

Por unha banda, o Plan de Convivencia, unha vez analizada a realidade socio-escolar do centro, establece as liñas de acción que será preciso pór en marcha para que o resto de plans se articulen en función destas liñas no relativo á convivencia.

Por outra banda, o Proxecto Educativo deberá incorporar aquelas iniciativas ou melloras que se deriven do Plan de Convivencia e que deban ser incluídas no proxecto educativo e na propia Programación Xeral Anual.

As NOF deberán de ter en conta, o establecer as Normas de Convivencia do Centro e, sobre todo, as consecuencias do incumprimento das devanditas normas, aquelas directrices que de forma explícita ou implícita deriven do propio Plan de Convivencia dado que o devandito plan é o que, unha vez analizado o contexto e a realidade educativa e de convivencia do centro, establece as prioridades e liñas xerais de actuación podendo xerar iniciativas tanto a nivel da acción titorial coma de normativa específica dentro das propias NOF.

Consideramos o PAT e a Mediación, elementos clave na xestión da convivencia do noso centro. É o documento que pon en práctica de forma efectiva a maior parte das iniciativas que se articulan no Plan de Convivencia.

Resulta, polo tanto, primordial, que os titores o poñan en práctica, e que as variables que inciden na convivencia do centro e que se diagnosticaron no proceso previo á confección do plan sexan correctamente tratadas.

### **3.1.- *NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO***

A Comunidade Educativa do CEIP Agro do Muíño, a través das canles democráticas de participación, elabora e aproba as normas de convivencia no centro. Ditas normas están recollidas en varios apartados en función dos diferentes espazos e momentos:

Entradas e saídas; recreos; servizos hixiénicos; asistencia e puntualidade, TIC/ABALAR/EDIXGAL e desenvolvemento das clases. A continuación desenvolvemos as normas recollidas do último espazo sinalado que é o da clase:

1. Procurarase que os alumnos e alumnas non estean sós/soas nas aulas, agás que o mestre ou mestra precise saír por motivo xustificad. Aqueles profesores/as que teñan que cambiar de aula deberán facelo puntualmente. Os profesores e profesoras- titores/as que non teñan outra

actividade en aula distinta á que están nese momento, deberán esperar co alumnado ata que chegue o profesor ou profesora que vai impartir clase nesa aula.

2. No caso de ausencia dalgún profesor ou profesora, quen teña que substituír deberao facer ao mesmo tempo que se lle correspondese esa aula nas entradas e saídas normais.

3. Durante o período de adaptación en 4º de E.I. e ata o remate do mes de setembro, o profesorado de apoio a E.I. dedicárase de xeito exclusivo á función de apoio nas aulas de 3 anos. Ao longo do período de adaptación en 4º de E.I. e ata o remate do mes de setembro, o profesorado que rexente estas aulas, tamén se dedicará de forma exclusiva á atención do seu alumnado.

4. Non se permitirá que se consuman lambetadas ou calquera outro alimento nas aulas, agás en actividades programadas polos docentes que correspondan.

5. Exclúense do apartado anterior todos aqueles casos que estean baixo prescrición médica.

6. Durante o desenvolvemento das clases ningún alumno ou alumna entorpecerá o labor do profesor ou profesora nin o dos seus compañeiros e compañeiras. Se sucede isto, o profesor/a poderá encomendarlle outra actividade alternativa. Asemade, se o comportamento xeral do grupo impide o funcionamento da sesión, o mestre ou mestra poderá suspender a actividade e substituíla por outra.

7. Durante o desenvolvemento das clases de E.F., por motivos de seguridade, o alumnado non poderá ter ningún tipo de xoia ou complemento que supoña un risco para eles ou para os compañeiros. O que teña o pelo longo, deberá telo recollido.

8. Todo o alumnado é responsable do mobiliario e material de clase. Calquera desperfecto deberao comunicar ao/á docente que estea na aula nese momento.

9. Durante as clases e segundo as idades dos nenos e nenas iranse reducindo gradualmente as saídas aos servizos.

10. O alumnado absterase de se asomar polas ventás, así como de tirar papeis ou calquera outro tipo de obxectos a través delas.

11. Con carácter xeral, o profesorado non utilizará teléfonos móbiles durante as clases e gardas.

12. O alumnado non poderá traer ao centro nin ás saídas, teléfonos móbiles nin outros dispositivos electrónicos sen autorización expresa do profesorado.

13. Non se permitirá o acceso ás aulas durante as horas lectivas a persoas alleas ao centro (pais, nais, representantes legais,...) a non ser que haxa urxente necesidade ou que fosen previamente citados/as por algún profesor ou profesora e sempre acompañadas polo conserxe ou alguén responsable do centro.

14. Ningún pai ou nai, titor ou titora legal ou persoa autorizada, poderá retirar ao seu fillo ou filla do recinto escolar sen previa identificación, sen ter a autorización do/da profesor/a-titor/a e comunicación á Xefatura de Estudos. Ningún alumno ou alumna abandonará o recinto escolar durante o horario lectivo con outra persoa ou persoas que non sexan as mencionadas neste apartado.

#### **4.-MECANISMOS DE REGULACIÓN DE CONVIVENCIA ENTRE IGUAIS**

Polo que respecta á regulación de convivencia entre iguais, cremos necesario incidir nalgúns mecanismos que se levarán a cabo para que esta sexa mellor dentro do centro educativo.

##### **4.1.- Organización de filas e entrada ás aulas**

Detectamos que moitos dos problemas de convivencia no centro danse nas filas de entrada e saída do centro e no patio do recreo. Nós propoñemos, mentres os alumnos/as non dispoñan de ferramentas emocionais para mellorar o seu autocontrol, mellorar a organización das filas, por parte de cada titor/a para que as entradas e saídas das aulas sexan o máis axeitadas posibles.

##### **4.2.- Normas mínimas de aula e consecuencias consensuadas**

Acórdase que no primeiro claustro do curso escolar, se establezan unhas normas xerais e unhas consecuencias comúns para todos os niveis. Cando se establezan as normas nas aulas, poidamos guiar ao alumnado para que seleccionen esas normas e unhas consecuencias de incumprimento parecidas en todos os cursos, agás, como é lóxico, en Educación Infantil.

É importante, xa que o profesorado especialista se atopaba con normas e consecuencias diferentes en cada aula e os nenos/as aproveitan esas descoordinacións dun xeito notable.

Cada titor/a terá as normas comúns de todas as aulas a través de pictogramas, postas enriba do

encerado.

#### **4.3.- Potenciación da Aprendizaxe Cooperativa**

As investigacións levadas a cabo nos últimos anos achega da relación entre a aprendizaxe cooperativa e a mellora da convivencia, incluídas as feitas na nosa contorna, permiten identificar a aprendizaxe cooperativa en equipos heteroxéneos como un procedemento clave para adaptar a educación aos actuais cambios sociais, mellorando con iso a convivencia escolar e a prevención da violencia.

Tamén porque favorece a inclusión do alumnado con máis necesidades crecendo así, sentimento de pertenza ao grupo, resolución de conflitos, mellora da escoita e atención, valoración do traballo dos demais, ...

Dende os diversos equipos de profesorado, especialmente dende o Departamento de Orientación, equipos de nivel e CCP, tratarase de incidir na importancia deste aspecto e tentaranse buscar vías de acercamento do profesorado ao uso axeitado destas técnicas de aprendizaxe.

#### **4.4.- Programas de Habilidades emocionais e sociais para o alumnado**

Temos material a disposición de todo o profesorado confeccionado dende o D.O , así como o material adquirido posteriormente. Servirán como material de apoio para mellorar as habilidades sociais e emocionais do noso alumnado. Continuaranse ampliando recursos para mellorar neste ámbito. No centro contamos cun Programa de Habilidades sociais dentro do PAT para o presente curso 2020/21. Traballaremos tamén con programas específicos sobre esta temática, propostos pola Consellería, cada cal adaptado ao curso da Educación Primaria que corresponda.

Neste desenvolvemento das competencias emocionais é moi importante o labor das familias, por iso en cada unidade tamén hai un material dirixido as nais e pais para que poidan contribuír á educación emocional dos seus fillos e fillas.

O principal **obxectivo** na formación de competencias emocionais do alumnado é obter como consecuencia unha **diminución de comportamentos disruptivos, conflitos, violencia**, etc. que, o mesmo tempo, axuda a mellorar o clima da aula e do centro, a mellorar a satisfacción do profesorado e das familias, a aumentar a motivación tanto do profesorado como do alumnado,



e como consecuencia de todo, unha mellora no rendemento académico.

#### **4.5.- *Plan de Acción Titorial***

O Plan de Acción Titorial establece as liñas básicas de actuación co alumnado na procura de que mellore a súa convivencia. É moi importante que os titores/as cumpran co Plan de Acción Titorial e a posta en práctica do Programa de habilidades sociais.

Consideramos básico, polo tanto, que os titores adopten o PAT como peza fundamental do seu quefacer educativo.

#### **4.6.- *Actividades complementarias e extraescolares grupais***

Durante o curso escolar levaranse a cabo diferentes actividades complementarias e extraescolares onde todo o alumnado será integrado e participará nas mesmas. Fomentaremos e reforzaremos así, o concepto e a finalidade de grupo e gran grupo, así como, a importancia da unión do mesmo.

#### **4.7.- *Actividades para a sensibilización fronte ao acoso e intimidación entre iguais***

Poderemos tratar de forma sistematizada no contexto da titoría tarefas que incidan no ámbito das habilidades sociais. Tamén poderemos desenvolver no centro actividades conmemorativas e relacionadas co tema.

Liñas que son indicadas para a prevención do acoso entre iguais:

- Cohesión de grupo e disciplina democrática
- Educación emocional. Aplicación do ROOLER EMOCIONAL nas aulas
- Educación en valores.
- Educación en técnicas de comunicación, asertividade e habilidades sociais e a súa posta en práctica dentro da aula.
- Fomentar actividades para a mellora da autoestima.
- Traballar na resolución de conflitos.

## **5.- FORMACIÓN EN CONVIVENCIA**

É sumamente importante que o profesorado sexa consciente de que para instruír primeiro hai que educar, e para educar temos que mellorar a nosa formación como axentes de cambio nas

actitudes ante a convivencia dos nosos alumnos, e como tales axentes de cambio temos que ser exemplo para eles e ter os coñecementos necesarios para implementar accións que nos permitan que as prácticas de boa convivencia sexan habituais nas vidas dos mesmos.

Fíxose formación en disciplina positiva, acoso escolar e detección de maltrato infantil (Poñendo os lentes)

Trataremos de levar a cabo no centro algún PFPP ( Plan de formación do profesorado) que siga versando sobre disciplina positiva, educación emocional e neuroeducación que axude a mellorar a relación co alumnado.

### **5.1.- FORMACIÓN EN MEDIACIÓN**

#### **5.1.1.- Formación do profesorado en mediación**

Algúns profesores do noso centro, recibiron formación en mediación o curso 2019/20, a par co alumnado de 4º e 5º EP.

#### **5.1.2.- Formación do alumnado**

O alumnado de 4º e 5º de Ed. Primaria dende o curso pasado recibiron formación en mediación entre iguais, implementándose o actual curso debido a COVID 19. O alumnado foi previamente seleccionado conxuntamente polos compañeiros e o profesorado como candidatos de mediación.

Cada ano serán seleccionados novos mediadores no nivel de 4º de Primaria para que o programa sempre teña unha continuidade.

## **6.- MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN**

As actuacións recollidas no presente Plan deberán levarse a cabo baixo os principios de colaboración e coordinación de todos os sectores da comunidade educativa implicados en cada unha delas.

A través do departamento de Orientación coordinaranse as actuacións de acollida do alumnado que se vaia incorporar ao IES de adscrición ao centro

### **6.1.- Coordinación interna no centro**

- Coordinación nas programacións didácticas levadas a cabo polo profesorado.

- A principio de curso, prográmanse reunión entre o profesorado para a elaboración das programacións didácticas.
- Reunións de profesorado nivel/clase: periodicamente (1 vez ao mes) reúnense o profesorado que imparte docencia a unha mesma clase para unificar e coordinar criterios sobre normas e comportamento de aula.
- Reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP)
  - A CCP reúnese mensualmente para coordinar os aspectos pedagóxicos do centro.
- Reunións do equipo de actividades extraescolares: mensualmente reúnese este equipo para coordinar todo tipo de actividades a desenvolver no centro.
- Reunións do equipo de Dinamización da Lingua Galega: mensualmente reúnese este equipo para coordinar todo tipo de actividades a desenvolver no centro.
- Reunións e claustros do profesorado: realízanse mensualmente para coordinar distintos aspectos do centro.
- Departamento de Orientación

### **6.2.- Coas familias**

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia dispón que “ Os centros educativos promoverán a implicación das nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado....”e que estas recibirán”.... Información e asesoramento que lles axuden no seu labor educativo, faciliten a comunicación co profesorado e potencien a participación na vida dos centros”. En consecuencia, para dar contido a esa colaboración, establécense as seguintes accións:

- Establecemento dunha hora semana de visitas tutoriais.
- Facer unha reunión tutorial xeral obrigatoria no primeiro trimestre, antes do 31 de outubro.
- Determinación dos contidos mínimos a tratar nesas reunión, sendo estes os seguintes:
  - Información sobre o calendario escolar.
  - Aclaración da liña metodolóxica usada na aula e sobre aspectos como: materiais necesarios, contidos a traballar, actividades de aprendizaxe, criterios e instrumentos de avaliación, actividades de reforzo e ampliación, apoios e Reforzo Educativo, criterios

de promoción, nivel de colaboración familiar, a información ás familias, etc.

- Información dos principais aspectos do NOF e da PXA, en concreto:
  - Estrutura organizativa, horarios de cada clase, horas de titoría e /ou atención ás familias, actividades complementarias e extraescolares, control da asistencia e xustificación das faltas, normas de convivencia, etc.
  - Información sobre os programas do Departamento de Orientación e outros para atender a diversidade.

### 6.3.- *Coa ANPA*

Contacto periódico coa ANPA á hora de coordinarse e desenvolver actividades en común no centro educativo.

### 6.4.- *Con organismos da contorna*

- Outros organismos: O centro realizará, en colaboración con estes organismos, diferentes programas encamiñados a mellorar a convivencia: CIM, Servizos de Saúde (primeiros auxilios), Plan Director de Convivencia Escolar (Policía Nacional); Biblioteca Municipal do Concello....
- Poñerase en coñecemento das familias que o precisen, que o Concello oferta dentro dos seus servizos sociais asesoramento e apoio as familias, mediante os Educadores Sociais, Psicólogos...

## 7.- MECANISMOS DE ACTUACIÓN, MEDIDAS OU PROGRAMAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA FAVORECER A CONVIVENCIA NO CENTRO

### 7.1.- *Medidas preventivas para detectar e resolver conflitos:*

-**Observación:** durante todo o tempo que os alumnos se atopan dentro das instalacións do Colexio, corredores, patios, zona polideportiva e demais espazos do recinto escolar, así como nas entradas e saídas do Centro.

-**Postas en común:** durante as asembleas, tratarán os conflitos que xurdan ou poidan xurdir no Centro, así como, as medidas que se poidan aplicar para a súa corrección ou resolución.

-**Entrevistas co alumnado:** entrevistarase o alumnado de forma individual ou en grupo,

dependendo da natureza do cando xorda algún tipo de conflito, onde poidan expresarse tamén por escrito ou oral

-**Titorías cos pais**: ao longo do curso realizaranse entrevistas cos pais co fin de prever e detectar conflitos, grazas á información achegada polos pais dos alumnos.

-**Sociogramas**: para a observación das relacións na aula.

-**Suxestións dentro da aula**: É unha caixa colocada nun lugar da aula , onde calquera alumno pode comunicar os casos de agresión verbal ou física, dos que teña coñecemento. O titor, recollerá semanalmente, a información e estudarana e tomará as medidas oportunas.

-**Alumnado mediador**: alumnado formado en mediación que intervén como persoa mediadora de conflitos entre iguais..

## ***7.2.- Iniciativas para a mellora da convivencia***

### ***Profesorado***

- **Metodoloxía**: traballo cooperativo, axuda entre iguais, atención á diversidade, traballo das habilidades sociais e da intelixencia emocional, traballo dos valores...
- Difusión das normas entre o alumnado e debate das mesmas.
- Difusión dos dereitos e deberes do alumnado.
- Reunións coas familias co fin de implicalos na marcha do centro, de crear un clima de confianza, de difundir as normas, de dar e obter información...
- Convivencia co alumnado en todos os ámbitos escolares.

### ***Alumnado***

- Posta en práctica do Plan de acollida ao alumnado de novo ingreso, co fin de propiciar unha rápida integración do alumno/a e un bo clima coa familia do alumnado novo.
- Participación na elaboración das normas da aula. Difusión e coñecemento das normas.
  - Participación nas festas, saídas, excursións ... Nestas actividades, nas que a convivencia é a tempo completo, é onde principalmente se pode fomentar o valor do respecto cara aos demais.
- Posta en práctica dos equipos de mediación.
- Patrullas verdes: para a mellora do espazo físico do centro e facelo máis agradable.

**Centro**

- Organización de actividades para a acollida do novo profesorado dende o Equipo Directivo: facilitar toda a información do centro e debatela en reunións co fin de propiciar rapidamente a integración e de favorecer un clima de confianza.
- Difusión das normas de convivencia e revisión cada curso das mesmas, procurando actualizalas ás novas situacións.
- Elaboración, difusión e consenso dos distintos documentos: PE, PAT, PXAD, Plan de Acollida...
- Reserva de espazos e tempos para a comunicación entre familia e equipos docentes.
- Colaboración noutras actividades do centro.

**7.3.- Actuacións do profesorado titor para a integración do alumnado de novo ingreso**

*(Terase en conta o actual Plan de collida do centro recentemente aprobado)*

- Programa de transición (cando o alumno procede doutro centro):
  - Obter a máxima información do alumno/a en canto ao seu traxectoria académica, persoal e de integración social no anterior centro.
- Plan de acollida:
  - Propiciar un ambiente escolar no que o novo alumnado e as súas familias sexan ben acollidos.
  - Dar a coñecer as familias e o alumnado as características da nosa comunidade educativa e fomentar a súa participación.
- Acollida na aula:
  - Realizar actividades que permitan o coñecemento dos integrantes do grupo: Presentacións, manifestar afeccións,...
  - Explicar as normas ao novo alumnado.
  - Nomear un compañeiro que o integre no resto dos espazos do centro.

**7.4.- Actuacións específicas para a prevención da violencia sexista, racista ou de calquera outro tipo**

*(Terase en conta o Plan de Igualdade aprobado o curso 2019/20)*

Con obxectivo de previr os devanditos tipos de manifestacións e actuacións actuarase dende a formación en valores de igualdade, tolerancia, respecto e solidariedade, desenvolvendo iniciativas que eviten a discriminación de calquera membro da Comunidade Educativa e establecendo plans de acción positiva que posibiliten a integración destes. Cremos importante establecer un compromiso dende este Plan de Convivencia para que toda a comunidade educativa adopte unha actitude de colaboración na prevención da violencia de xénero e para fomentar a igualdade real entre homes e mulleres.

Tal como se especifica na Lei 11/2007, de 27 de Xullo para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero e na Lei 7/2004, do 16 de xullo, para a igualdade de mulleres e homes, no noso centro:

- 1.- Incidiremos na aprendizaxe da convivencia baseada no respecto a todas as persoas, garantindo e fomentando actitudes, valores e capacidades que contribúan a un pleno desenvolvemento en igualdade.
- 2.- Teremos unha especial atención con aquel alumnado afectado por situacións de violencia de xénero.
- 3.- Rexeitaremos calquera contido de carácter educativo que vulnere o principio de igualdade, ou cunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou cunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- 4.- Procuraremos o enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- 5.- Promoverase a inclusión de contidos relacionados coa educación para a paz e a non violencia e o fomento do principio de igualdade tanto de forma transversal nas diversas áreas como dentro do propio Plan de Acción Titorial.
- 6.- Fomentaremos no alumnado actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, precisen da asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
- 7.- Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou

indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

8.- De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas, e aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.

***Prevención e tratamento da violencia sexista:***

Participación e contribución de familias, profesorado e alumnado encamiñada a potenciar os valores de igualdade entre os sexos.

Traballar incidindo na convivencia e afectividade con exemplos próximos a eles.

***Prevención e tratamento da violencia racista:***

Fomentar o traballo en grupo que favoreza a integración.

Promover a figura do alumno-titor que facilita e axuda a integración no patio, comedor, horario extraescolar.

***Actuacións dirixidas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia incluíndo a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá***

- O departamento de orientación elaborará un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro.
- Elaborarase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específicas para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase en coordinación co departamento de orientación e o profesorado titor.
- Programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, o traballo cooperativo, a educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres.



- Reunións informativas titores-familias. Información ás familias ao principio de cada curso sobre o Plan de convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento do centro.
- Titorías. Debate e discusión ao principio de curso sobre o Plan de convivencia e as Normas de Organización e Funcionamento co/as alumnos/as

## **8.-CONDUTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS QUE CORRESPONDEN (resolución de conflitos)**

### ***Clases de condutas contrarias á convivencia (Artigo 33 D. 8/15).***

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasifícanse nas seguintes:

*A.- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.*

*B.- Condutas leves contrarias á convivencia.*

De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar. O acoso escolar terá a consideración de conduta gravemente prexudicial para a convivencia, consonte o establecido no artigo 38 deste decreto.

Para o caso de comisión de condutas que deriven en actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a dirección do centro, por instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, deberao pór en coñecemento da Administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas. O modelo e o procedemento para trasladar esa información e coordinar as actuacións pertinentes facilitarase de conformidade co establecido no artigo 28.2 deste decreto.

### ***Gradación das medidas correctoras (Artigo 34).***

Para a gradación das medidas correctoras previstas nos artigos 39 e 43 deste decreto tomaranse en consideración especialmente os seguintes criterios:

- a) O recoñecemento espontáneo do carácter incorrecto da conduta e, de ser o caso, o cumprimento igualmente espontáneo da obriga de reparar os danos producidos.

- b) A existencia de intencionalidade ou reiteración nas condutas.
- c) A difusión por calquera medio, incluídos os electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos, da conduta, as súas imaxes ou a ofensa.
- d) A natureza dos prexuízos causados.
- e) O carácter especialmente vulnerable da vítima da conduta, de tratarse dunha alumna ou dun alumno, en razón da súa idade, da recente incorporación ao centro ou calquera outra circunstancia que se considere favorecedora desta vulnerabilidade.

### **8.1.- *Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia. (Artigo 38)***

Son condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes as que se enumeran a continuación:

- a) As agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.
- b) Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
- c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.
- d) A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.
- e) As actuacións que constitúan acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011.
- f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.
- g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.
- h) Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das

actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se refire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é requirido para iso polo profesorado.

k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

l) O incumprimento das sancións impostas.

### **8.2.- Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais ( Art.39)**

1. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas coas seguintes medidas:

a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. Exemplo: patio, biblioteca, daño causado...

b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes. De non haber ningunha dentro deste período a 1ª que houbese.

c) Cambio de grupo.

d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f) Cambio de centro.

Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas, terán a cualificación de condutas gravemente prexudiciais e

levarán asociadas como medidas correctoras as establecidas nas alíneas e) ou f) do punto primeiro deste artigo.

### **8.3.- Procedemento para a corrección de condutas graves contra as normas de convivencia**

Ver apartado 9.6

#### **Condutas leves contrarias á convivencia (Artigo 42)**

Son condutas leves contrarias á convivencia as que se enumeran a continuación:

- a) As condutas tipificadas como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da alínea g), os actos inxustificadas da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) do artigo 15 da Lei 4/2011 que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.
- b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constitúa conduta gravemente prexudicial para a convivencia de acordo coa alínea j) do artigo 15 da Lei 4/2011.
- c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos polas normas de convivencia de cada centro.
- d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- e) Uso por parte do alumnado de reloxos intelixentes, tanto dentro do centro como nas saídas que se leven a cabo o longo do curso.
- f) As demais condutas que se tipifiquen como tales nas normas de convivencia de cada centro docente.

### **8.4.- Medidas correctoras para condutas leves contrarias á convivencia (Artigo 43)**

As condutas leves contrarias á convivencia poderán ser corrixidas coas medidas correctoras que se enumeran a continuación:

- a) Amoestación privada ou por escrito.
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza función.

- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo, e a reparación dos danos.
- d) Realización, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (De non haber de inmediato ata a 1ª que haxa)
- f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.
- g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado haberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

#### **8.5.- Medidas correctoras que toma o centro ante unha conduta leve á convivencia.**

O procedemento do centro será o seguinte:

- a) Amoestación privada ou por escrito
- b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza función e seguir o seguinte protocolo:
  - Preguntar a cada neno/a por separado a versión do acontecido.
  - Reunilos e que volvan a contar o que pasou para comprobar se están de acordo coas versións dadas.
  - Escribir os feitos e dicir como se sentiron.
  - Pedir desculpas.
- c) Realización de traballos específicos en horario lectivo, e a reparación dos danos/desculpas
- d) Realización, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro
- e) Faise unha chamada telefónica á casa/envíase un abalar e ábrese un parte.

#### **8.6.- Condutas Tipo**

Serán consideradas como **FALTAS tipo** a seguinte relación tendo en conta que pola súa gravidade ou reiteración poderán ser leves ou graves:

- Ameazar ou insultar
- Dicar mentiras ou rumores sobre alguén
- Poñer alcumes ou rirse doutra persoa
- Non esforzarse no traballo diario.
- Ser inconstantes.
- Acusarse entre eles.
- Non ser puntual.
- Pegar ou facer dano
- Non respectar a quenda á hora de falar.
- Non utilizar as normas de educación.
- Non coidar o material escolar, mobiliario e demais dependencias (baños, ximnasio, comedor...).
- Responder violentamente a unha ofensa, intencionada ou non.
- Practicar chantaxe emocional entre iguais.
- Trato inapropiado nos espazos de ocio.
- Faltas de respecto ás formas de relación social, como as seguintes:
  - ✓ Desconsideración verbal o xestual cara aos compañeiros.
  - ✓ Desconsideración verbal o xestual cara aos mestres/as.
  - ✓ Empregar palabras malsoantes ou inadecuadas.
  - ✓ Non sentarse correctamente.
  - ✓ Emprego da violencia.

### **Condutas disruptivas**

Comportamentos “obxectivamente non agresivos” que deterioran ou interrompen o proceso de ensinanza aprendizaxe como:

- Desobedecer ao profesor ou interrompir a clase falando cos compañeiros, ríndose, mirando cara atrás... mentres o mestre/a explica.
- Non deixar atender aos compañeiros ou interrompir o seu traballo.
- Levantarse do sitio sen permiso ou saír da aula.
- Non respectar a quenda de palabra ou non levantar a man para intervir.

### **Condutas agresivas**

Comportamentos intencionados que se realizan para danar a outra persoa e que causan pracer ou recompensan a quen as realiza, coma:

- Ameazar, poñer a cambadela, empurrar...
- Resolver violentamente os conflitos: pegarse ou pedir a outros que peguen ou fagan chantaxe emocional a un compañeiro/a
- Empregar material escolar como utensilio para facer unha agresión física (tesoiras, lapis, punzóns, bolígrafos...)

#### **Condutas contrarias á convivencia, procedemento sancionador e correccións.**

##### Principios xerais das medidas correctoras

1. As correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo e recuperador, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.
2. En todo caso, na corrección das condutas contrarias á convivencia aplicaranse os seguintes principios:
  - a) Ningún alumno ou alumna poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación, nin, no caso da educación obrigatoria, do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas nesta sección que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.
  - b) Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.
  - c) A imposición das correccións previstas nesta sección respectará a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuir á mellora do seu proceso educativo.
  - d) Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou ás titoras ou titores ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

**Conduas contrarias á convivencia, correccións e procedemento sancionador**

CONDUCTAS	MEDIDAS CORRECTORAS
- Incumprimento do horario do centro	Amoestación verbal Comunicación á familia
- Reiteración no incumprimento do horario do centro	Comunicación á familia por parte da Dirección do centro
- Faltas sen xustificar	Comunicación á familia
- Reiteración de faltas sen xustificar	Comunicación á familia por parte da dirección do Centro. Comunicación aos Servizos Sociais do Concello. Comunicación aos servizos de Inspección da Delegación
- Perturbación do normal desenvolvemento das actividades docentes	Amoestación verbal Amoestación por escrito
- Reiteración da conduta anterior	Realización de tarefas dentro ou fóra do horario lectivo Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (De non haber de inmediato ata a 1ª que haxa) Comparecencia diante da Xefatura de Estudos / Dirección Suspensión do dereito a asistir a clase por un prazo máximo de tres días
- Actos leves de desconsideración cara ao profesorado ou ao persoal adscrito ao Centro	Amoestación verbal Amoestación por escrito Realización de tarefas no horario lectivo ou non lectivo
- Fallas de respecto, pelexas, ameazas leves entre compañeiros e compañeiras	Amoestación verbal Realización de tarefas en horario lectivo ou non lectivo Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (De non haber de inmediato ata a 1ª que haxa)



CONDUCTAS	MEDIDAS CORRECTORAS
<p>- Agresión física ou moral contra os demais membros da comunidade educativa ou discriminación por razón de nacemento, raza, xénero ou calquera outra condición ou circunstancia persoal</p>	<p>Amoestación por escrito  Comunicación á familia por parte da dirección do centro  Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (De non haber de inmediato ata a 1ª que haxa)  Suspensión do dereito a asistir a clase por un prazo máximo de tres días</p>
<p>- Facer uso indebido do material e instalacións do Centro ou non coidar o orden e a limpeza do mesmo</p>	<p>Amoestación verbal  Realización de tarefas específicas que contribúan a mellora das instalacións do centro.  Compensación económica.</p>
<p>- Substraer ou causar danos de forma intencionada nas instalacións do colexio ou nas pertenzas doutros membros da comunidade educativa</p>	<p>Devolución do subtraído  Actividades encamiñadas a reparar o dano causado  Se o anterior non fora posible, a familia terá que facerse cargo do custo económico da reparación como responsable civil.</p>
<p>- Levantar rumores, injurias ou incitar a pelexas entre compañeiros ou compañeiras</p>	<p>Amoestación verbal  Amoestación escrita  Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (De non haber de inmediato ata a 1ª que haxa)  Realización de tarefas en horario lectivo ou non lectivo</p>
<p>- Reiteración da conduta anterior</p>	<p>Comparecencia en Xefatura de Estudos/Dirección  Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. (De non haber de inmediato ata a 1ª que haxa)  Realización de tarefas en horario lectivo ou non lectivo</p>

CONDUCTAS	MEDIDAS CORRECTORAS
- Uso ou introdución de obxectos ou substancias que poidan ser prexudiciais para os integrantes da comunidade educativa	Amoestación verbal Amoestación escrita Comparecencia en Xefatura de Estudos/Dirección
- Faltas continuadas de disciplina nas actividades extraescolares	Suspensión temporal ou definitiva do dereito a participar na actividade
- Usar teléfonos móbiles ou traer xogos violentos en calquera soporte	Amoestación verbal Amoestación escrita Realización de tarefas

### 8.7.- *Responsables da aplicación das medidas correctoras. (Artigo 44)*

A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia serán levadas a cabo por:

MEDIDA	DOCENTE	TITOR/A	X.E.	DIRECCIÓN
Amonestación verbal ou por escrito.	X	X	X	X
Comparecencia inmediata ante o xefe de estudos.	X	X	X	X
Realización de traballos específicos en horario lectivo.	X	X	X	X
Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.		X	X	X
Suspensión do dereito a participar en actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.			X	X
Cambio de grupo ata un período de unha semana.			X	X
Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				X
Suspensión temporal de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a				X

MEDIDA	DOCENTE	TITOR/A	X.E.	DIRECCIÓN
suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.				

**8.8.- Procedemento para a corrección das condutas leves contrarias ás normas de convivencia.**

Computar no **parte de incidencias** da aula as condutas leves contrarias á convivencia a efectos de determinar a reiteración. Neste parte o profesor contará completa información do incumprimento das normas de cada alumno/a tanto nas súas clases coma nos dos especialistas e dentro e fora do colexio se están motivadas ou relacionadas coa vida escolar e afecten ós seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.

**8.9.- Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro (art.46)**

1. A corrección de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector e poderá realizarse mediante dous procedementos diferentes: conciliado ou común.
2. Utilizarase un ou outro procedemento dependendo das características concretas da conduta que se vaia corrixir, das circunstancias en que se produza e da idade, as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar.
3. Correspóndelle á dirección do centro decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
4. A dirección do centro informará o profesorado titor/a da alumna ou alumno corrixida/o e ao consello escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corrixidas.
5. No centro docente quedará constancia da corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia coa finalidade de apreciar a reincidencia de condutas, de ser o caso.

Ver Lei de convivencia para o procedemento de corrección e modelos normalizados de tramitación en:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

## 9.- COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

O centro poderá suscribir un compromiso de convivencia coas familias do alumnado conflictivo para mellorar a mesma. A petición deste compromiso pode partir do titor/a ou ser suxerida polo equipo educativo ou as familias. O perfil de alumno/a ao que vai dirixida dita actuación é o seguinte:

- Alumnado que non acepta as normas establecidas na aula ou no Centro.
- Alumnado con baixo grao de disciplina e/ou con condutas contrarias ás normas de convivencia.
- Alumnado con numerosas faltas de asistencia sen xustificar e que dificultan a súa integración.
- Alumnado con problemas de atención e aprendizaxe que deriven en problemas de conduta.
- Alumnado con dificultades para a súa integración escolar.

O titor/a dará traslado á dirección a proposta do compromiso para que sexa verificada co plan de convivencia. Quedará constancia por escrito, segundo o modelo adxunto do compromiso, que firmarán o titor e a familia, dándose traslado do mesmo á dirección.

En dito compromiso deberán aparecer:

- As medidas concretas que se acorden
- As obrigas coas que se compromete cada unha das partes
- As datas e os canles de avaliación do compromiso
- A posibilidade de modificación do compromiso en caso de incumprimento.

Cada profesor valorará o comportamento do alumno e poderá realizar as observacións que considere oportunas dando traslado de todo iso ao titor.

Nos prazos establecidos no Compromiso, o titor analizará a evolución do alumno/a conxuntamente coa familia, reforzando positivamente o cumprimento do Compromiso, ou calquera mellora, por leve que sexa, e implicando ás familias en todo o proceso. Manteranse as reunión e outros contactos cos pais e nais do alumno implicado, segundo a periodicidade que se acorde, para informarlles da evolución do seu fillo no Centro e coñecer os avances realizados nos compromisos adquiridos pola familia. Disto quedará constancia escrita e o titor o comunicará á dirección.

## **10.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN EN CASOS DE ACOSO ESCOLAR E CIBERACOSO**

As dinámicas de funcionamento, tanto do grupo amplo que forma o alumnado do centro coma do grupo limitado á aula, poden favorecer relacións negativas como o acoso. Outros conflitos escolares non son acoso: meterse un co outro de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel, situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas.

É importante, xa que logo, diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais, que presentan a miúdo unha abordaxe diferente, aínda que requiren tamén dunha resposta efectiva.

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

As medidas que deben adoptarse en caso de detección dunha situación de acoso escolar así como as propostas de actuacións de sensibilización contra o acoso escolar, dirixidas a toda a comunidade educativa, que axuden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este figuran no Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

Protocolo de acoso, enlace a páxina web da Consellería:

<http://www.edu.xunta.es/portal/Educonvives.gal>

O fenómeno denominado acoso escolar, maltrato entre iguais ou bullying atopámolo presente en toda a historia, pero nos últimos anos adquire interese social debido ao aumento e gravidade dos feitos e ao contorno onde se produce o educativo.

A existencia dos conflitos esixe de todos, e particularmente do sistema educativo, unha aprendizaxe para o seu entendemento, a súa xestión e a súa resolución, dentro dun marco de convivencia e cultura da paz.

Así, na Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, abórdase por primeira vez no plano legislativo o tratamento de situacións de acoso cos criterios xeralmente admitidos pola comunidade pedagóxica e inclúe a problemática derivada do mal ou inadecuado uso das novas tecnoloxías e, ademais, recóllense os principios de protección integral das vítimas e de primacía do interese e protección destas no tratamento do acoso escolar.

Finalmente, e xa no seu artigo 30, dispónse que cada centro docente incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar no seu Plan de Convivencia.

Coa finalidade de previr, detectar e tratar o posible acoso escolar ao longo do curso realizaremos como mínimo unha campaña de sensibilización do profesorado, das nais e pais ou dos/as titores/as do alumnado contra o acoso escolar, coa finalidade de axudar a evitalo e preparen a todos os membros da comunidade educativa para detectalo e reaccionar fronte ao mesmo.

### **10.1.- PAUTAS PARA A IDENTIFICACIÓN DO ACOSO ESCOLAR**

Para os efectos desta Lei considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

### **10.2.- CRITERIOS DE IDENTIFICACIÓN DE ACOSO ESCOLAR**

**Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios diagnósticos que deben darse simultaneamente, prescindindo da personalidade da posible vítima.**

Os criterios son:

- A existencia de intención de facer dano
- Debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente
- A repetición das condutas agresivas

A agresión crea na vítima a expectativa de poder ser branco de ataques novamente.

Existencia dunha acción agresiva repetida, durante un período de tempo e de forma recorrente. Os comportamentos de abuso preséntanse reiteradamente no tempo.

É un tipo de violencia difícil de identificar. Isto é debido a que o acoso case sempre permanece oculto para as persoas adultas, pero o alumnado sí ten coñecemento dos sucesos.

- A duración no tempo, co establecemento dun esquema de abuso de poder desequilibrado entre a vítima e a persoa agresora ou persoas agresoras.

Presenza de desigualdade de poder (desequilibrio de forzas) entre a persoa máis forte e a persoa máis débil. É unha situación desigual de indefensión para a vítima. Hai un desequilibrio e un abuso de poder que impide que a persoa acosada poida saír por si mesma da situación.

### **10.3.- TIPOS DE ACOSO ESCOLAR**

Para poder identificar unha situación de acoso, é necesario coñecer tanto as súas formas coma as súas consecuencias.

Respecto das formas de acoso, temos que ter presentes manifestacións de maltrato tanto verbal –a través de insultos, alcumes, desprestixio...– coma físico contra a persoa vítima ou os seus obxectos

persoais. Tamén hai que ter en conta posibles situacións de intimidación, tales como ameazas, chantaxes, roubos... e, por último, situacións de illamento.

Podemos considerar os seguintes tipos e manifestacións de acoso:

<b>Esclusión e marxinação social activa</b>	⇒	Non deixar participar
<b>Esclusión e marxinação social pasiva</b>	⇒	Ignorar
<b>Agresión verbal directa</b>	⇒	Insultar, poñer alcumes ofensivos
<b>Agresión verbal indirecta</b>	⇒	Falar mal de alguén ás súas costas
<b>Agresión física directa</b>	⇒	Pegar
<b>Agresión física indirecta</b>	⇒	Agachar cousas
		Romper cousas
		Roubar cousas
<b>Maltrato mixto</b>	⇒	Ameazas, chantaxe
<b>Acoso sexual físico</b>	⇒	Actos
<b>Acoso sexual verbal</b>	⇒	Comentarios

Algunhas destas manifestacións de acoso poden exercerse a través das novas tecnoloxías da información e da comunicación (TIC): teléfono, móbil, redes sociais, ... (ciberacoso)

Os momentos e os lugares, e mesmo os medios, nos que pode producirse o acoso son múltiples: durante o recreo e nos patios; na fila; nos baños, nos corredores...; na aula, cando a profesora ou o profesor mira o encerado para dar unha explicación ou mentres se atende a algunha alumna ou alumno; nos cambios de clase; no comedor; no transporte escolar; nas entradas o saídas do centro; no exterior do centro; a través do móbil (mensaxes, chamadas anónimas...); por internet, a través das redes sociais, chat ou correo electrónico, outros.

#### **10.4.- CONSECUENCIAS DO ACOSO ESCOLAR**

A posibilidade da existencia de acoso escolar moitas veces manifestase no cambio de conduta da persoa que o está a sufrir, polo tanto haberá que estar alerta, tanto no centro educativo como na familia. Amósanse a continuación unha serie de posibles indicadores que, entre outros, poden poñer de manifesto a existencia desta situación:

INDICADORES ANTE UN POSIBLE CASO DE ACOSO ESCOLAR DETECCIÓN POR PARTE DA FAMILIA E/OU DO CENTRO EDUCATIVO	
RELACIÓNS SOCIAIS	<p>Cambios nos tempos de chegada e saída do centro</p> <p>Cambios nas súas relación persoais</p> <p>Busca de soidade dentro e fóra do centro</p> <p>Abandono de actividades que antes lle interesaban</p> <p>Descoido no aspecto físico</p> <p>Comentario negativos da clase e o centro</p> <p>Preferencia por quedar na casa</p>
ESTADO DE ÁNIMO	<p>Ansiedade, Preocupación, Desconfianza,</p> <p>Desinterese, Nerviosismo repentino</p> <p>Dificultade nas comunicación</p> <p>Cambios nas rutinas</p> <p>Actuacións agresivas</p>
OUTRAS ACTITUDES E COMPORTAMENTOS	<p>Diminución da autoestima</p> <p>Baixa no rendemento escolar</p> <p>Nerviosismo xeral</p> <p>Rompe traballos e ou pertenzas</p> <p>Non participa en actividades voluntarias</p>

- Para a vítima: pode traducirse en fracaso escolar, trauma psicolóxico, risco físico, insatisfacción, ansiedade, infelicidade, problemas de personalidade, risco para o seu desenvolvemento equilibrado.
- Para a persoa ou persoas agresoras: pode ser a antesala dunha futura conduta delituosa, unha interpretación da obtención de poder baseada na agresión, que pode perpetuarse na vida adulta, e incluso unha sobrevaloración do feito violento como socialmente aceptable e recompensado.
- Para os compañeiros/as observadores/as pode conducir a unha actitude pasiva e compracente ante unha inxustiza e unha percepción equivocada da valía persoal.

Para erradica as situacións de acoso escolar debemos:

- Intervir ao primeiro sinal.



- A amizade e a integración como prevención: o traballo propio da aula debe permitir que todo o alumnado teña un grupo de amigos. Isto permitirá, ao mesmo tempo, mellorar a calidade de vida nas escolas e aprender habilidades sociais.
- Existen tres papeis que hai que previr, intervindo con toda a comunidade educativa: o de persoa agresora, o de vítima e o de persoa espectadora pasiva que coñece a violencia pero non fai nada para evitala.

#### **10.5.- PROTOCOLO DE ACTUACIÓN**

A persoa responsable da dirección do centro ou, de ser o caso, calquera outro membro do equipo directivo por delegación expresa daquel, dirixirá todas as actuacións que se deriven do desenvolvemento do presente protocolo.

O protocolo de actuación ten por obxecto que o profesorado dun centro educativo saiba como actuar nos posibles casos de acoso, pois é imprescindible que se actúe de xeito inmediato.

Proponse adoptar diferentes fases:

- 1ª fase : coñecemento, identificación e comunicación da situación.
- 2ª fase: recollida de información e rexistro.
- 3ª fase: análise da información e adopción de medidas; fase cuarta, seguimento e avaliación das medidas adoptadas e rexistro.

Propóñense, ademais, unha serie de documentos de apoio en anexos para lles facilitar aos centros educativos as distintas intervencións no desenvolvemento do protocolo. Recordar que toda a información que figure en todos os documentos empregados e que se recolla nas diferentes fases do protocolo terá carácter confidencial.

#### ***Primeira fase: Coñecemento da situación, identificación e comunicación.***

- Comunicación sobre unha posible situación de acoso escolar (anexo I)
  - Medidas urxentes de protección á presunta vítima.
  - Asignación dunha persoa responsable de atención e apoio á presunta vítima.
  - Vixilancia específica das persoas indicadas.
  - Medidas cautelares que impidan o contacto entre a presunta vítima e as persoas causantes da posible situación de acoso.

- Comunicación e solicitude de colaboración ás familias do alumnado implicado.
- Designación dunha persoa responsable da atención e apoio á presunta vítima (anexo II).
- Primeira comunicación ás familias do alumnado implicado (anexos III e IV).
- Nomeamento dunha persoa responsable da tramitación (anexo V).

En todas as súas actuacións, esta persoa deberá ter en consideración que, en caso de incoarse un expediente disciplinario, o prazo máximo para a súa resolución será de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos, tal como recolle o artigo 25.7 da Lei 4/2011.

- Comunicación a outros profesionais educativos e outros axentes externos (anexo VI)

Se se considera necesario e oportuno, e sempre en función da valoración inicial, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais, ...)

### ***Segunda fase: Recollida de información. Rexistro. (anexo VII)***

Trátase dunha fase na que o principal obxectivo é o de recadar os datos necesarios para dilucidar se os feitos denunciados constitúen ou non unha situación de acoso escolar.

No caso de incoarse expediente disciplinario, toda a información recollida nesta fase formará parte deste expediente, polo que haberá que tomar en consideración os prazos establecidos no artigo 25 da Lei 4/2011.

Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madurez dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada, e recollerán cando menos:

- Datos identificativos do centro e alumnado afectado.
- Persoa que recolle a demanda.
- Persoa que comunica a situación.
- Recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado.
- Lugares onde se produce o acoso.
- Feitos observados.
  - Entrevista individual á vítima (anexo VIII).
  - Entrevista individual á persoa/as responsables do acoso (anexo IX).
  - Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras. Citación dos demais alumnos ou alumnas implicados/as a unha entrevista (anexo X).

- o Entrevista individual ás familias. Citación para entrevistar ás familias da persoa acosada e da persoa ou persoas acosadora/s e (anexo XI e XII).
- o Solicitud de asesoramento e/ou apoio técnico do departamento de orientación do centro (anexo XIII).
- o Solicitud de asesoramento a outros profesionais educativos e/ou organismos ou axentes externos, especialmente no caso de ciberacoso (**anexo XIV**).

Cando se considere oportuno, a persoa responsable da tramitación, poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso.

Ademais, a complexidade das situacións de ciberacoso pode derivar na necesidade de consulta e asesoramento a organismos ou axentes externos ao centro como:

- Axencia Española de Protección de Datos
- Policía Local e/ou Policía Autonómica
- Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional
- Outros

#### ***Terceira fase: Análise da información e adopción de medidas.***

- Análise da información (anexo XV)

Cando se confirme a situación de acoso escolar, debemos distinguir entre as medidas que se adopten, aquelas tendentes á protección da vítima, as medidas correctoras da persoa ou persoas agresora/s e as referidas á comunicación da situación aos organismos correspondentes.

As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia e non poderán ser corrixidas sen a previa instrución dun expediente disciplinario. Unha vez iniciada a tramitación deste expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo:

- o Ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade
  - o Ao servizo de Inspección Educativa correspondente
  - o Ao profesorado titor do alumnado implicado
- Adopción de medidas (anexo XVI)

Con independencia de que proceda ou non a instrución dun expediente disciplinario, unha vez

analizada a información, a persoa responsable da tramitación elaborará unha proposta de medidas que haberá que poñer en marcha no centro, nas aulas afectadas e co alumnado implicado e as súas familias.

As medidas que teñan que impoñerse deberán ter un carácter educativo, tendente á reflexión e toma de conciencia dos feitos, ao cambio de actitude e á reparación do dano causado, de ser o caso; ademais terán que garantir o respecto dos dereitos do alumnado e procurar a mellora das relacións de todos os membros da comunidade educativa.

***Medidas de protección á vítima:***

- Vixilancia específica das persoas implicadas (acosada e acosadora/s)
- Solicitude de colaboración familiar para o control e seguimento dos seus fillos ou das súas fillas
- Asignación dunha “persoa responsable de apoio e atención á vítima” á que a vítima poida acudir cando o necesite
- Reorganización do horario de profesorado para unha mellor atención do alumno afectado.
- Concertar encontros periódicos para facer un seguimento da situación
- Tutoría individualizada (da persoa ou persoas acosadora/s e da vítima) e grupal da súa clase, proporcionando pautas de autoprotección, técnicas de relaxación e control do estrés, adestramento en habilidades sociais, mellora do autoconceito e da autoestima...
- Actividades para desenvolver nas titorías do centro enfocadas á mellora das habilidades sociais: capacidade para facer amigos, integrarse en actividades de grupo, ser asertivos, expresar as propias opinións...
- Organización de grupos de axuda entre iguais, formados previamente para acompañar a vítima, sobre todo nos intres e lugares de maior risco (entradas, saídas, corredores...)
- De ser necesario, cambio de grupo temporal ou definitivo da persoa ou persoas acosadora/s, logo do oportuno expediente disciplinario
- Apertura de expediente disciplinario á persoa ou persoas agresora/s (no caso de que se confirme o acoso)
- Derivar aos servizos de profesionais especializados externos ás persoas implicadas, se procede, para abordar tratamentos específicos que poidan reforzar o labor efectuado no centro

- Comunicación ao Ministerio Fiscal se o feito puidese ser constitutivo de delito ou falta penal

#### ***Medidas reeducadoras para as persoas agresoras***

- Elaboración por parte do departamento de orientación de cada centro docente dun programa de habilidades sociais
- Desenvolvemento de procedementos conciliados para a resolución de conflitos. A opción pola conciliación suspende o inicio do procedemento disciplinario de corrección da conduta, que se retomará no caso de que a conciliación sexa infrutuosa
- Formación de equipos de mediadores
- Formación específica sobre as consecuencias da conduta: pedirlle perdón á vítima, participar en programas de mediación, traballos escritos de reflexión e concienciación sobre os feitos, as súas consecuencias e o xeito de compensar os danos
- Desenvolvemento da capacidade de empatía, poñernos no lugar do outro. Os agresores poden coñecer as emocións que sente a vítima, amosan empatía cognitiva; pero non son capaces de compadecerse, non amosan empatía emocional (sentir cos demais)
- Programas de modificación de conduta, axuda personalizada, desenvolvemento persoal, comportamentos prosociais, estratexias de resolución de conflitos con solucións alternativas á agresión...
- Solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e control dos seus fillos e fillas
- Derivación a servizos especializados externos para abordar tratamentos específicos, se procede

#### ***Medidas correctoras para as persoas agresoras***

Unha vez confirmada a situación de acoso, requirirase da tramitación do oportuno expediente disciplinario conforme o regulado no artigo 25 da Lei 4/2011, e serán de aplicación, de ser o caso, as medidas correctoras correspondentes establecidas na devandita norma e na normativa que a desenvolva

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes poden ser corrixidas de acordo coas medidas reguladas no artigo 21 da Lei 4/2011 e a normativa que a desenvolva, do seguinte xeito:

- Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao

desenvolvemento das actividades do centro

- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre dúas semanas e un mes
- Cambio de grupo
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo
- Cambio de centro

### ***Outras medidas (anexo XVI)***

Co grupo clase e co alumnado espectador/observador

- Campañas de sensibilización, mediación e apoio entre compañeiros e compañeiras, programas de habilidades sociais, de comunicación e empatía...
- Actividades que posibiliten o rexeitamento e a denuncia explícita de condutas violentas na convivencia entre iguais: analizar a diferenza entre a conduta solidaria de denunciar a inxustiza e o ser acusón
- Desenvolver estratexias de axuda entre iguais e traballos cooperativos
- Analizar as consecuencias dos comportamentos
- Realizar actividades de adestramento para actuar ante diferentes situacións de maltrato

Coas familias

- Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou fillas a través do diálogo e da educación en valores, desenvolvendo unhas axeitadas normas de convivencia no contorno familiar
- Desenvolver a súa potencialidade como educadores das súas fillas ou fillos
- Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas
- Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que lles faciliten a aprendizaxe ás súas fillas e aos seus fillos e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade
- Ensinanza de habilidades sociais, aprendizaxe cooperativa, ocio de calidade, resolución de

conflictos sen violencia, eficacia da disciplina e ensinanza de límites, prevención do sexismo, evitar a influencia negativa do uso inadecuado da televisión e doutras tecnoloxías...

- Fortalecer a implicación da familia na vida escolar e a responsabilidade na toma de decisións educativas conxuntas sobre os seus fillos e as súas fillas (establecer compromisos)

Co equipo docente

- Formación para saber como detectar e intervir na aula ante situacións de acoso escolar
- Formación específica do profesorado, elaboración de materiais e documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro
- Acordar e unificar criterios de actuación. Creación dun código común de formas de actuar por parte dos docentes ante problemas de convivencia que incidirá na coherencia para abordar un conflito
- Apoiar e facilitar o labor do profesorado titor
- Colaborar coa dirección do centro na xestión dos problemas de convivencia e apoiar e facilitar o labor da persoa responsable da tramitación do protocolo e da persoa responsable de apoio e atención á vítima, no desenvolvemento das funcións para as que foron nomeadas
- Promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos axudantes ou mediadores)

#### ***Cuarta fase: Seguimento e avaliación das medidas adoptadas. Rexistro***

- Unha vez adoptadas as medidas previstas, é necesario continuar levando a cabo, a través do director ou directora do centro, ou da persoa na que delegue, un seguimento da situación, coa intencionalidade de que non se volva producir e de observar os cambios reais no comportamento individual do alumnado protagonista da situación de acoso, no grupo onde tivo lugar (clima de aula e de centro), tempo no que se mantén o efecto das intervencións.
- Este seguimento levarase a cabo coa intención de comprobar o cumprimento e a pertinencia das medidas adoptadas, tanto das de carácter urxente, no momento de coñecemento da situación, coma das restantes establecidas no desenvolvemento do protocolo
- A dirección debe responsabilizarse de que se leven a cabo as medidas previstas e informará á Inspección Educativa do seu grao de cumprimento, segundo a temporalización prevista

### ***ESTRATEGIAS DE PREVENCIÓN***

Estas estratexias de prevención incluíranse no Plan de convivencia do centro, así como nas súas normas de organización e funcionamento (NOF), dentro do marco do Proxecto Educativo, para favorecer a convivencia no centro.

As prevención debe formularse desde distintos niveis:

- Prevención inespecífica, asumida de xeito amplo pola comunidade educativa no marco xeral da convivencia no centro
  - De atención específica, intervindo directamente co alumnado e coas familias implicadas en situacións de acoso escolar
  - De asesoramento e apoio técnico especializado para tratamentos máis específicos
- Todas as medidas preventivas deben:
- Fomentar o desenvolvemento social do alumnado e o avance da institución escolar no seu conxunto
  - Incluírse nos documentos internos do centro que correspondan
  - Levarse a cabo de xeito coordinado polos equipos docentes, co liderado do equipo directivo e o apoio do departamento de orientación
  - Transmitirse a todos os sectores da comunidade educativa

### ***Estratexias organizativas e de prevención no centro***

Entre as posibles estratexias organizativas e de prevención que contribúen á mellora do clima xeral do centro, podemos considerar:

- Promover a participación na elaboración e revisión dos documentos do centro, destacando os valores e normas que pretenden desenvolver actitudes prosociais de igualdade, respecto e diálogo, fomentando o consenso na toma de decisións
- Potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia do centro
- Estilo de dirección que favoreza a participación e a comunicación dos problemas (liderado)
- Solicitar o apoio e asesoramento do orientador para potenciar o funcionamento da Comisión da Convivencia do centro
- Reunións periódicas dos titores por niveis co obxecto de deseñar accións conxuntas para a mellora da convivencia do centro. Adoptar estratexias organizativas que posibiliten a



implicación de todo o profesorado nas labores titoriais

- Impulso e actuación de comisións de mediación e outras estratexias de tratamento e resolución de conflitos
- Difusión á comunidade educativa, a través de diferentes medios, do plan de convivencia e das NOF
- Garantir que todos os membros da comunidade educativa coñezan os seus dereitos e deberes
- Organización de grupos de traballo que favorezan as relacións persoais
- Organización do centro respectuosa coa diversidade e aceptación desta como un valor positivo, fomentando a inclusión
- Impulsar nas concrecións curriculares para os distintos cursos o desenvolvemento de todas as competencias básicas, en especial a competencia social e cidadá
- Rexistro dos conflitos que se producen no centro co fin de ter unha visión global e introducir as modificacións necesarias na regulación da convivencia do centro
- Creación das condicións favorables para a inserción de programas de mellora da convivencia: programas específicos de resolución de conflitos, programas de mediación en conflitos e axuda entre iguais...
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas de formación para todos os membros da comunidade educativa sobre a prevención e resolución de conflitos:
  - Formación específica do profesorado, elaboración de materiais documentos, protocolos de actuación axustados ao propio centro...
  - Formación de familias: pautas para previr o acoso e outras formas de violencia dende a familia. Impulsar a creación de escolas de pais e nais
- Elaboración de orientacións e establecemento de programas formativos dirixidos aos diferentes membros da comunidade educativa, coa intención de previr e actuar ante situacións de ciberacoso:
  - Formación do profesorado e de familias: sensibilización sobre o uso saudable e razoable das TIC, aprender a lles transmitir aos menores a confianza suficiente para que poidan recorrer a eles en caso necesario, aprender a apoiar ao menor en caso de confirmarse o ciberacoso e, en caso de ameazas graves, presentar a correspondente denuncia no organismo competente

- Formación ao alumnado: potenciar o uso positivo das TIC e o espírito crítico ante os contidos aos que acceden, ser coidadoso cos datos persoais, onde aparecen e a quen se proporcionan; non responder a provocacións a través dos medios tecnolóxicos; cando unha ameaza é persistente, hai que gardar o que se poida a xeito de proba do sucedido, pechar a conexión e pedir axuda a unha persoa adulta

### ***Estratexias de prevención na aula.***

- Inclusión no plan de acción titorial da elaboración de normas de convivencia en cada clase, incluíndo de xeito explícito normas contra o acoso entre os compañeiros ou compañeiras, nas que se sensibilice sobre o dano que produce o maltrato e se faga explícito o rexeitamento a todos os tipos de violencia, así como propostas de recuperación en caso de incumprimento das normas.
- Realizar actividades de titoría programadas no grupo referidas a:
  - Relacións no grupo
  - Fomento da amizade
  - Tarefas colaborativas
  - Sensibilización fronte ao maltrato (respecto pola diferenza, promover a empatía emocional, rachar con mitos como o do chivato, aprender a ofrecer e pedir axuda, diferenciar entre amigos/as e compañeiros/as, ...)
  - Conciencia da importancia do coidado das relacións afectivas e emocionais dos adolescentes
  - Análise das relacións interpersoais, dos sentimentos e dos conflitos
- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconñecemento que capaciten ao alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
  - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto
  - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración
  - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións
  - Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...

- Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar

Resumindo, o realmente apropiado sería establecer na dinámica de convivencia do centro estratexias preventivas que evitasen chegar a situacións de acoso escolar.

Unha estratexia válida sería a posta en marcha dun tempo e dun lugar para levar a cabo esta dinámica de convivencia entre o profesorado. Este tempo estaría asociado a momentos de formación no propio centro e un espazo para tratar de entender e atallar os problemas de disciplina, conflitos, malas relacións, abusos entre iguais... un espazo onde a propia Comisión de Convivencia do centro poida deseñar este tipo de estratexias.

### **10.6.- O CIBERACOSO**

A presenza de internet no mundo escolar, relacionada co aumento do uso das novas tecnoloxías da comunicación, é imparabile, o mesmo que noutros moitos campos. As vantaxes destes medios son evidentes, pero tamén poden presentar inconvenientes e, no

- Traballar no grupo habilidades sociais asertivas e de autoconñecemento que capaciten ao alumnado para dar respostas axeitadas en diferentes contextos:
  - Educar para as relacións interpersoais igualitarias baseadas na valoración mutua e no respecto
  - Exercitar técnicas de autocontrol, empatía e resistencia á frustración
  - Desenvolver a través de métodos cooperativos habilidades prosociais e destrezas para a xestión das emocións
  - Formar comisións de alumnos/as para a mellora da convivencia en xeral: equipos de mediación, axudantes de recreo...
  - Utilizar sesións de tutoría e xuntas de avaliación para detectar posibles situacións de acoso e/ou ciberacoso, analizando tamén os casos de absentismo escolar

Resumindo, o realmente apropiado sería establecer na dinámica de convivencia do centro estratexias preventivas que evitasen chegar a situacións de acoso escolar.

A complexidade deste fenómeno deu lugar a gran cantidade de definicións. Neste protocolo optouse pola consideración do termo ciberacoso, entendido como aquelas situacións de acoso escolar nas que se empregan como medio as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC).

No artigo 28 da Lei 4/2011 propónse unha extensión da definición do acoso escolar, indicando que terán a mesma consideración as condutas de acoso realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

Tamén no punto 2 do artigo 12 da citada lei se recolle que:

Así mesmo, poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e lles afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúen acoso escolar consonte o establecido polo artigo 28.

As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei e demais normativa que a desenvolva.

Ademais, na mesma Lei 4/2011, no seu artigo 15, establécense entre as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia a gravación, a manipulación e a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

Tecnoloxías como internet e a telefonía móbil resultan ser ferramentas de grande importancia para a formación, a socialización, o ocio e o desenvolvemento de nenos e nenas e de adolescentes, pero, de igual xeito, a súa enorme potencialidade ao servizo de persoas con intención de facer dano pode supoñer a aparición de situacións nas que os menores ou as menores se ven lesionados ou lesionadas polas accións doutras persoas.

Para combater este fenómeno, os docentes deben conseguir que as novas tecnoloxías sexan sempre unha fonte de experiencias positivas para o alumnado, deben coñecer a tipoloxía dos perigos que leva consigo a rede, a sintomatoloxía que lles axudará a detectar os problemas, as boas prácticas que axudan a previr estas situacións e a maneira de buscar solucións.

### ***Definición de ciberacoso***

O ciberacoso ou cyberbullying é o uso das redes sociais, correo electrónico, blogs e outros ámbitos das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) en prexuízo dunha ou máis persoas, ou da súa imaxe pública.

Normalmente distínguense tres tipos de perigos aos que están expostas as persoas con internet:

perigos persoais, acceso a contidos inapropiados e adicción. O ciberacoso entra no primeiro tipo.

### ***Criterios de identificación do ciberacoso***

O ciberacoso caracterízase polos seguintes aspectos:

- A situación perdura no tempo. Quedan excluídas as accións puntuais que, aínda que puidesen ser un delito, non constitúen ciberacoso.
- Adoita existir contacto ou relación previa no mundo físico entre vítima e persoa ou persoas acosadora/s.
- Existe intención de causar dano, aínda que non sempre se dá nos primeiros estadios do proceso.
- Realízase mediante o emprego de medios TIC. Pode tratarse de internet ou calquera dos servizos asociados; teléfono móbil, redes sociais, plataformas de difusión de contidos, foros, blogs, ...

### ***Tipos de ciberacoso***

O ciberacoso pode concretarse en:

- Fustigamento: cando se envían imaxes ou vídeos denigrantes sobre unha persoa, virus informáticos, mensaxes ameazantes...
- Exclusión: cando se usan contornos públicos para mandar comentarios despectivos ou rumores difamatorios co fin de provocar unha resposta expansiva, cando se lle nega o acceso a foros ou plataformas sociais á vítima...
- Manipulación: cando se utiliza información para difundila de xeito inapropiado entre os membros das redes sociais, cando se accede coa clave doutra persoa e se realizan accións que poden prexudicala no seu nome, ...

Unha vez que se verificou unha posible situación de ciberacoso, o centro educativo deberá traballar de xeito inmediato e simultáneo en tres liñas de actuación: valoración, comunicación e accións de protección.

### ***Protocolo de actuación***

Ante situacións de ciberacoso será de aplicación o establecido no protocolo de acoso escolar que se

desenvolve neste documento, para o que se terán en consideración as seguintes particularidades:

- É imprescindible conservar as probas do ciberacoso durante todo o tempo, sexa cal fose a forma na que se manifeste. Para esta conservación poderán capturarse pantallas en modo imaxe e vídeo, imprimir páxinas, copiar ficheiros... aspecto que deberá realizarse antes de iniciar calquera actuación coa posible persoa agresora ou persoas agresoras
- Tratar de identificar as posibles persoas autoras do ciberacoso (atopar o seu enderezo IP, acudir a especialistas en informática e ás forzas e corpos da seguridade do Estado), pero, en todo caso, sen lesionar os dereitos de ningunha persoa
- Contactar coa compañía do medio empregado para cometer o acoso (compañía de teléfono, propietario do dominio ou sitio web etc.), coa finalidade de coñecer o procedemento que cómpre seguir para obter a información necesaria
- Se é o caso, denunciar o acoso ás forzas e corpos de seguridade do Estado que dispoñen de unidades de delitos informáticos (Policía Nacional, Garda Civil e Policía Autonómica)
- Todas estas accións deberán estar enmarcadas na máis absoluta discreción e confidencialidade
- Para valorar este tipo de condutas tomaranse en consideración os seguintes aspectos:
  - Características e natureza das accións analizadas e dos dispositivos tecnolóxicos utilizados na comisión dos feitos
  - Natureza e difusión das accións
  - Facilidade/dificultade para deter o ciberacoso
  - Tempo de exposición da vítima ao ciberacoso
  - Idade e características psicolóxicas da vítima e da persoa ou persoas presunta/s agresora/s
  - Repercusión e impacto na vítima
- A información recollida deberá detallar, ademais:
  - Relación co ámbito escolar
  - Natureza, intensidade, difusión e gravidade da situación coñecida
  - Efectos producidos

***Estratexias preventivas***

Os profesionais do ensino deben estar atentos á maneira en como utilizan eles mesmos e como utiliza o alumnado os medios informáticos e ter claro como actuar en cada situación, como guiar o alumnado e como aconsellar as familias, de aí que se deban potenciar as boas prácticas nestes tres ámbitos de actuación:

**Profesorado e centro**

- Coñecer o funcionamento da web, en especial das redes sociais, para dominar o medio e poder aconsellar ao alumnado e ás familias
- Aplicar medidas de seguridade nos equipos informáticos escolares (controlar o software instalado, as contas de usuario, o almacenamento de documentos, quen utiliza os equipos en cada hora, etc.)
- Establecer normas de uso dos equipos na aula (definir que pode e que non pode facer o alumnado, como debe organizar o seu material, respectar o material doutro alumnado, onde pode ou non pode acceder, etc.)
- Empregar sistemas de control e filtrado (facer revisións periódicas, monitorizar os equipos do alumnado mentres traballan –co seu coñecemento–, filtrar e bloquear páxinas, contidos ou programas non desexados, etc.)
- Realizar un uso didáctico e controlado das redes en sentido positivo, como actividade, incluíndo as boas prácticas, a seguridade e a prevención como contidos
- Detección de problemas: documentarse sobre a sintomatoloxía dos problemas e estar atento a calquera indicio de ciberacoso ou malas prácticas
- Evidentemente, en aulas que son utilizadas por varios grupos de alumnado, debe haber unha boa coordinación entre o profesorado en canto a normas e medidas

**Alumnado**

Aconsellar que controlen a súa identificación e a circulación dos seus datos persoais (alias, ingreso en grupos etc.). Resulta o máis importante como prevención. En concreto, algunhas recomendacións habituais son:

- Non crear contas en foros e redes sociais cos datos persoais, senón utilizando alias. Comunicar a propia identidade de forma privada só a aqueles outros membros cos que hai confianza e interesa que nos identifiquen

- Non establecer citas ou outras actividades presenciais con persoas que non coñecesen antes persoalmente, isto é, fóra da rede
- Non comunicar o domicilio, datos de contacto, datos bancarios, etc., tampouco datos persoais de terceiras persoas
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador, para saber se os seus datos persoais ou imaxes figuran nalgunha web

Consellos para non acosar: aproveitar o papel dos docentes para conciencialos de que a web non é o lugar apropiado para resolver diferenzas con outras persoas, e que a emisión de mensaxes hostís remata sendo prexudicial para todos. Promover o respecto e a prudencia.

Consellos para non ser acosado: ser prudente e respectuoso ao empregar a web para comunicarse cos demais. Moitas veces os conflitos comezan por malentendidos ou comentarios inoportunos. Non expoñerse excesivamente aos comentarios dos demais contando cousas persoais. Pedir axuda inmediatamente a familiares e profesorado ante as primeiras evidencias de acoso.

Consellos para non tolerar o acoso: mentalizarse de que o acoso é un problema de todos, e non admitir que outros teñan actitudes negativas ou exerzan presión sobre terceiras persoas. Mostrarse conciliador e denunciar sen demora calquera caso de acoso do que se teña coñecemento.

### **Pais e familiares**

- Adecuar as medidas de seguridade e control á vulnerabilidade das súas fillas o dos seus fillos, dándolles máis autonomía a cambio de responsabilidade segundo se fagan máis maduras ou maduros.
- Aceptar internet como un instrumento que pode resultar beneficioso se se utiliza ben. Non botarlle a culpa de todos os males ante calquera desacordo cos seus fillos ou coas súas fillas.
- Tratar de non exercer de policías, senón de conseguir que os seus fillos ou as súas fillas acepten como natural certo grao de control. O mellor é que acorden conxuntamente unha serie de condicións para o uso da web (horario, tipo de contidos), tanto mediante os ordenadores coma os móbiles.

Se fose posible, promover que o alumnado non manexe o ordenador pechado no seu cuarto, senón en presenza de outros familiares. Evitar forzalo a que nos permita ver a pantalla, é moito máis efectivo ter confianza para preguntarlle con quen se comunica e que nos conte de forma natural que é o que fai na rede. O ideal é darlle apoio, implicarse nos seus proxectos, ou



mesmo facerse membro das mesmas redes sociais.

- Estar atentos a calquera síntoma de desacougo, cambios de humor repentinos, etc., sobre todo se coinciden cos accesos á web.
- Sondar periodicamente a rede mediante un buscador para detectar imaxes, datos persoais ou comunicacións dos seus fillos ou das súas fillas.

## 11.- DIFUSIÓN DO PLAN

A difusión do Plan é importante xa que cantas máis persoas pertencentes á comunidade educativa o coñezan máis posibilidades temos de que se leve completa e correctamente a término.

Aparte da aprobación e coñecemento previo por parte do Consello Escolar, farase unha presentación a todo o profesorado a principios de curso xa que existe profesorado novo todos os anos e non ven mal lembrar ao profesorado que sigue no centro os contidos do Plan. Tamén se dará a coñecer á ANPA e aos propios alumnos nos inicios de curso.

Figurará tamén exposto no sitio web do centro.

## 12.- MECANISMOS E INDICADORES DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN DE CONVIVENCIA

- Control e análise das condutas leves e gravemente prexudiciais para a convivencia
  - Todos os cursos escolares realizarase, por parte do equipo directivo e a Comisión de Convivencia, un control e seguimento das condutas leves e gravemente prexudiciais para as normas de convivencia do centro, así como do funcionamento da aula de Convivencia.
  - Estes datos serán estudados e analizadas as súas causas e posibles prevencións na comisión de convivencia.
- Enquisa anual a todos os membros da comunidade educativa para coñecer o grao de satisfacción da comunidade en relación á convivencia do centro. Propostas de mellora.
- Elaboración por parte da Comisión de Convivencia da memoria do plan de convivencia do centro ao final de curso, onde se recollerá o nivel de consecución dos obxectivos propostos, as actividades realizadas, o grao de participación dos compoñentes da comunidade educativa, as conclusións e propostas de mellora para o seguinte.
  - A memoria formará parte da memoria anual do centro e será informado o Consello

Escolar.

- Os cambios que se introduzan cada curso no Plan de Convivencia Escolar incorporaranse na P.X.A do curso seguinte.
- O presente Plan debe ser coñecido por toda a Comunidade Educativa.
- Incluír o Plan de Convivencia no Proxecto Educativo e na páxina web do Centro.
- Propostas de Mellora
  - Caixa de suxestións
  - Pasar os sociogramas cando se considere oportuno
  - Ter en conta as enquisas feitas pola administración na que participa toda a comunidade educativa do centro.

### 13.- DATOS DE INTERESE

#### Departamento de Servizos Sociais

CONSELLERÍA DE BENESTAR – MENORES – LIÑA DE AXUDA Á INFANCIA

Tfno.: 116111 - A liña de axuda á infancia é un servizo para todos os nenos e nenas que nalgún momento se sintan maltratados por outra persoa, necesiten axuda ou queiran falar sobre os problemas que lles afectan.

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-infancia>

MINISTERIO FISCAL - FISCALÍA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

Praza de Galicia, s/n - 15071 A Coruña

Tfno.: 981 182 149/150 - Fax: 981 182 172

FISCALÍAS DE MENORES DE GALICIA:

A CORUÑA: Rúa Monforte S/N Edificio novos xulgados, 15071 A Coruña

Tfno.: 981185 210/120 – Fax: 881 881 145

#### **ACOSO ESCOLAR. 900 018 018. Listado de teléfonos y direcciones**

MINISTERIO DE EDUCACION. XUNTA DE GALICIA

Teléfono de atención a vítimas de acoso escolar

**900 018 018**

Operativo desde 1 novembro de 2016 gratuíto, non deixa rastro na factura telefónica, activo 24horas, 365 días ao ano, atendido por especialistas

#### 14.- ANEXOS

## 15.- ANEXO I.- INFORME DE SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN ANUAL DO PLAN DE CONVIVENCIA.

CRITERIO	PUNTUACIÓN (0-5)	OBSERVACIÓNS
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto ao curso anterior.		
Alcance do plan de convivencia.		
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia-		
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia.		
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa.		
Funcionamento da comisión de convivencia.		
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia.		
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia.		
Valoración global da situación da convivencia escolar no centro.		
Renovación do plan de convivencia.		
PUNTUACIÓN TOTAL		



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Agro do Muíño  
15220 Ames  
A Coruña  
Telf: 881 866 010 e fax: 881 866 016  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/>  
[ceip.agromuino@edu.xunta.gal](mailto:ceip.agromuino@edu.xunta.gal)



## 16.- ANEXO II.- PARTE DE INCIDENCIA DE AULA

### PARTE DE INCIDENCIA

DATA		HORA	
------	--	------	--

**PERSOAS IMPLICADAS**

**ASUNTO**

**DESCRIPCIÓN DOS FEITOS**

**MEDIDAS ADOPTADAS**



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Agro do Muíño  
15220 Ames  
A Coruña  
Telf: 881 866 010 e fax: 881 866 016  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/>  
[ceip.agromuino@edu.xunta.gal](mailto:ceip.agromuino@edu.xunta.gal)



## 17.- ANEXO III.-MEDIACIÓN

**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE MEDIACIÓN**

NOME:.....

CURSO:..... DATA:.....

PERSOAS EN CONFLITO: .....

-----

**Motivo:**

Sinatura

NOTA: Entregar ao/á titor/a.



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

CEIP Agro do Muíño  
15220 Ames  
A Coruña  
Telf: 881 866 010 e fax: 881 866 016  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipagrodomuino/>  
[ceip.agromuino@edu.xunta.gal](mailto:ceip.agromuino@edu.xunta.gal)



**INTERVENCIÓN**

**MEDIADOR/A:**-----

**Data:** ----- **Encontro Nº:** -----

**Iniciar a mediación.** (Explicar as normas básicas da mediación e analizar a conduta dos mediados)  
Presentación e explicación do proceso (recollidas algunhas pistas na guía demediación)  
Ten que quedar claro:  
Normas  
Aceptación da mediación  
Funcións do mediador/a

**2. O conflito. Cántame.** (Cada unha das partes conta a súa versión do conflito)

**3. Compartir puntos de vista.** (Identificar e aclarar o conflito)

**Buscar solucións. Identificar intereses. Crear opcións.** (Formas de ver o conflito, posicións)



## 5. Acordos

## 6. Cerrar a mediación

Si

Non

Data da nova reunión:



## 18.- ANEXO VI .- SOCIOGRAMA

### *Os procedementos sociométricos*

Os procedementos sociométricos proporcionan a posibilidade de avaliar as relacións entre compañeiros/as, permitindo obter información tanto do nivel de integración de cada alumno/a como dos contextos nos que se desenvolve. Consisten en preguntar a todos os membros dun determinado grupo acerca do resto; e coñecer, así, o nivel de popularidade, as oportunidades para o establecemento de relacións de amizade e os atributos perceptivos polos que máis destaca.

Os sociogramas propostos, baséanse nun enfoque múltiple que implica os seguintes procedementos:

### *Método dos nomeamentos*

O método das nominacións consiste en pedir ao alumno/a que nomee os tres nenos/as do seu grupo cos que máis lle gusta xogar ou estar no seu tempo libre e cos que menos lle gusta xogar ou estar; preguntando a continuación o por que das súas eleccións e rexeitamentos.

Este procedemento permite obter información das oportunidades que cada alumno/a ten para o *establecemento de relacións de amizade*, dentro do grupo no que se aplica, a través dos seguintes indicadores:

**Eleccións:** número de veces que o alumno/a é nomeado polos seus compañeiros/as na pregunta número un no caso do 1º e 2º ciclo. No 3º ciclo obtéñense dúas puntuacións: eleccións para traballar (número de veces que o suxeito é nomeado na pregunta número un) e eleccións para o tempo libre (número de veces que é nomeado na pregunta número tres).

**Rexeitamentos:** número de veces que o alumno/a é nomeado polos seus compañeiros na pregunta número dous no caso do 1º e 2º ciclo e nas preguntas dous (rexeitamentos para traballar) e catro (rexeitamentos para o tempo libre) no caso do 3º ciclo.

Pode calcularse un índice global a partir dos dous anteriores denominado **preferencia social**, e que se obtén a partir do número de eleccións menos o número de rexeitamentos.

### *Método de asociación de atributos perceptivos*

Neste caso utilizamos o método do *"adiviña quen é"*. Permite obter información da conduta percibida polos compañeiros/as así como das características nas que máis destacan.

Poden obterse dous índices globais de conduta percibida agrupando todas as nominacións que

cada neno/a recibe nos atributos de tipo positivo, por unha parte, e negativo, por outra.

**Atributos positivos:** número de veces que o alumno/a é nomeado polos seus compañeiros/as nas categorías descritivas de carácter positivo.

No 1º e 2º ciclo as categorías son: o que ten moitos amigos, o que está alegre moitas veces, o que axuda aos outros nenos/as.

3º ciclo son: ter moitos amigos/as, levarse ben cos profesores/as, ser simpático cos compañeiros/as, capacidade para atender e escoitar os demais, capacidade para resolver conflitos entre compañeiros/as e saberse comunicar.

**Atributos negativos:** número de veces que o alumno/a é nomeado polos seus compañeiros nas categorías descritivas de carácter negativo.

No 1º e 2º ciclo os atributos negativos son os seguintes: o que está triste moitas veces, o que ten poucos amigos/as e está só moitas veces, o que insulta e pelexa.

No 3º ciclo son os seguintes: non ter amigos/as, levarse mal cos profesores/as, ser antipático cos compañeiros/as, estar frecuentemente a chamar a atención, agresividade e ter problemas para comunicarse.

#### ***Método das puntuacións: ranking***

A mellor avaliación do nivel medio de popularidade obtense a partir do método das puntuacións, tamén denominado ranking. Consiste en pedir a todos os alumnos/as que puntúen a cada un dos seus compañeiro/as utilizando unha escala de tres graos no 1º e 2º ciclo (*moito, regular, pouco*) e cinco graos no 3º ciclo (*moi ben, ben, regular, mal, moi mal*), contestando á pregunta *¿canto che gusta xogar ou estar con?* e *¿como che cae?* respectivamente, seguida polos nomes de todos os compañeiros e compañeiras da clase. A popularidade de cada alumno/a calcúlase sumando todas as puntuacións que recibe e dividindo o resultado entre o número de compañeiros/as que o puntuaron. Este procedemento permite coñecer a aceptación media obtida por cada un dos alumnos/as da clase (acerca de como cae aos demais). É o índice sociométrico que mellor permite captar os efectos producidos como consecuencia dos programas de intervención.

Outórgase un 1 aos compañeiros que mellor caen e un 3 ou un 5 aos que peor (dependendo se é para o 1º e 2º ciclo ou 3º ciclo), canto maior sexa a puntuación no ranking, peor é o status sociométrico reflectido.

***Normas de interpretación***

Os procedementos sociométricos poden servir para detectar alumnos/as que se atopan nunha situación problemática. Podéndose destacar dous criterios xerais (ser rexeitado por un número importante de compañeiros/as e non ter ningún amigo/a entre eles). Algúns indicadores que poden permitir detectar ditas situacións son:

1. - ***Ser rexeitado por un número significativo de compañeiros/as***; reflíctese no índice de rexeitamentos e no ranking. Como criterio xeral se considera un alumno/a rexeitado cando obtén un número de rexeitamentos superior á terceira parte dos compañeiros/as que contestan ao cuestionario, así como unha puntuación no ranking que exceda sensiblemente á puntuación central que reflexa neutralidade, aproximándose ao catro. É necesario, non obstante, interpretar ditos criterios tendo en conta a tendencia xeral que se produza no grupo avaliado.

2. -***O illamento*** ou total ausencia de eleccións, que reflexa falta de oportunidades para establecer relacións de amizade no grupo avaliado.

***Cuestionarios sociométricos:***

- a) Cuestionario Sociométrico para 1º e 2º ciclo (de 6 a 10 anos)
- b) Cuestionario Sociométrico para 3º ciclo (de 10 a 12 anos)



**CUESTIONARIO SOCIOMÉTRICO PARA 5º E 6º CURSO DE 10 A 12 ANOS.**

**NOME** ----- **APELIDOS** -----

**CURSO** ----- **CLASE** -----

1. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase cos que máis che gusta traballar?

Por que che gusta traballar con eles ou con elas?

2. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase cos que menos che gusta traballar?

Por que non che gusta traballar con eles ou con elas?

3. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase cos que máis che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos,...)?

Por que che gusta estar con eles ou con elas?

4. Quen son os tres rapaces ou rapazas da túa clase cos que menos che gusta estar durante o tempo libre (saír, nos recreos,...)?

Por que non che gusta estar con eles ou con elas?

5. Quen é o rapaz/a da túa clase que destaca por?:

1. Ter moitos amigos/as .....
2. Non ter amigos/as .....
3. Levarse ben cos profesores/as .....
4. Levarse mal cos profesores/as .....
5. Ser simpático cos compañeiros/as .....
6. Ser antipático cos compañeiros/as .....
7. A súa capacidade para atender e escoitar aos demais .....
8. Estar frecuentemente a chamar a atención dos demais .....
9. A súa capacidade para resolver conflitos entre compañeiros/as .....
10. A súa agresividade .....

11. Saber comunicarse.....
12. Ter problemas para comunicarse.....

6. COMO CHE CAE :

NOME E APELIDOS_____	MOI BEN	BEN	REGULAR	MAL	MOI MAL

19.- **ANEXO VII.-** Protocolo Xeral de prevención, detección e tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso

ENLACE: <http://www.edu.xunta.es/web/node/9678>

## 19.- ELABORACIÓN E APROBACIÓN

### **ELABORACIÓN NA CCP (Comisión de Coordinación Pedagógica)**

Este Plan de Convivencia foi elaborado pola Comisión de Coordinación Pedagógica ao longo dos cursos 19-20 e 20-21.

### **APROBACIÓN DO CLAUSTRO**

Este Plan de Convivencia foi presentada ao Claustro de Profesores, e aprobada por unanimidade en Sesión Ordinaria celebrada o día 10 de maio de 2021.


### **APROBACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR**

En reunión ordinaria do Consello Escolar do Centro, celebrada o día 10 de maio de 2021, quedou aprobado o Plan de Convivencia, que figura nas páxinas anteriores.

En Ortoño, Ames a 10 de maio de 2021

O Equipo Directivo

A Xefa de Estudos




Luisa Rodríguez Jácome

A Directora



Mª Carmen Liñares Liñares

A Secretaria



Ana Mª Rodríguez Beiro